

## sarria

A veciñanza colaborou na elaboración da Alfombra Mundial do Xacobeo 22. **Pax. 3**

## o páramo

A Deputación provincial inicia obras en tres estradas da zona rural. **Pax. 13**

## láncara

Inaugurada na localidade a casa museo da familia paterna de Raúl e Fidel Castro. **Pax. 15**

## samos

O día 7 terá lugar a nova edición da Feira do Turismo e do Peregrino. **Pax. 17**

## triacastela

Dan comezo as novas excavacións promovidas pola USC na Cova Eirós. **Pax. 17**

# Sarria volve ser este mes a capital da maxia



## Último tramo da autovía Nadela-Sarria

Adxudicaron as obras que completan a infraestrutura, que abre un tramo en outubro. **Pax. 9**

## A Deputación fai balance do seu mandato

Dende o 2019 teñen un proxecto claro e definido por catro liñas de actuación prioritarias. **Pax. 18**

## Del Riego será o protagonista das Letras Galegas


A Real Academia Galega dedicarlle a festa do ano 2023 ao escritor lauretino. **Pax. 19**

## Ultreia et Suseia



A cultura continúa na vila sarriá durante o mes de agosto. **Pax. 2**

## Festival Terra Brava



A cantante Sés únese ao festival que se celebra no Incio o día 13. **Pax. 16**

## Entrevista a Noa López



Xogadora do CB Sarria, vén de ser seleccionada para a U14 Feminina. **Pax. 23**

**ESTE VERÁN FIBRA ÓPTICA -50%!**

CONTRATA FIBRA ESTE VERÁN E AFORRA ATA UN - 50% DURANTE 6 MESES

Queremos axudarche a levar mellor esta época de subida de prezos POR ISO DENDE HOXE ATA O 30 DE SETEMBRO, CONTRATA A TUA FIBRA ÓPTICA A METADE DE PREZO E DESFRÚTAA DURANTE 6 MESES! Como o les, sen trampa nin cartón

Oferta dispoñible en: Sarria, Monforte, Chantada, O Barco, A Rua, Xinzo, Afariz, Celanova, Vilalba, Mondoñedo, Ribadeo, Foz, Burela, Antas de Ulla, Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Silleda e Taboada

**its**  
internet | telefonía | televisión

C/ Calvo Sotelo 164, Baixo (frente a Correos) 27600 Sarria (Lugo). Tel: 982 093 000  
info@its.gal / facebook.com/ITSarria  
@its.comunicacions / www.its.gal

## SARRIA

O Ribela Love&Nature aterra na vila do 20 ao 21 de agosto



Sarria acolle do 20 ao 21 de agosto un festival diferente onde poder desfrutar da natureza, a música e a maxia.

Cunha morea de concertos e numerosos artistas invitados entre os que se atopan Babykatze, Hidden Raposo ou Jor Ginho, Ribela Love&Nature chega a Sarria o vindeiro mes de agosto.

A iniciativa é promovida polo bar Casino de Sarria terá lugar nunha propiedade en Ribela, número uno, no inicio do Roteiro das Aceas, dende ás 13.00 horas ata as 4.00 da noite.

Para asistir ao evento musical será necesario mercar as entradas mediante a páxina web e que sitúa os prezos entre os 22 e os 33 euros. Estas darán acceso a todo o recinto de concertos e os asistentes poderán desfrutar de aparcadoiro gratuito e tamén disporán de servizo de bar e comida.

Todos os menores de idade deberán ir acompañados dun tutor legal e os que aínda non teñan cumprido os 12 anos, poderán entrar de balde.

## A cultura segue en agosto en Sarria con Ulteira et Suseia

Unha morea de concertos, encontros, exposicións fotográficas, narrativa, comedia e artes visuais chegan a Sarria dende o próximo venres 22 coa idea de establecer en Galicia un evento que xire polas súas vilas ao redor da cultura galega e teña como elemento de unión o Camiño de Santiago. As actuacións prolongaranse ata o 13 de agosto.

O día 22, Goyo Jiménez foi o encargado de amenizar a noite cun dos seus monólogos.

Celebraránse distintas narracións orais coma a de Ángeles Goás, *O medo é libre* que terá lugar o 9 de agosto ás 21.00 horas. Un espectáculo composto por unha selección variada de contos propios e de tradición oral. Trata a temática do medo, unha emoción coñecida por todos por ternos atopado con el nalgún momento da nosa vida.

Ou a de Ana Carreira, *Na punta da lingua* que terá lugar o día 12 ás 20.00 horas no parque do Chanto. A bela e a besta, O ganso de ouro, Os tres desexos dos leñadores. E, sempre, na punta da lingua aparece un cambio, unha retranscra, un xeito de ver.

Tamén haberá o sábado 13 de agosto a andaina *Camiño-grafías* que partirá ás 12.30 horas da praza do Concello. O día comezará cun paseo teatrali-



Carlos Blanco e Ángeles Goás actuarán no festival

zado pola localidade levado a cabo por César No, Ernesto Is, Nerea Brey, Javier G. Lojo e Mr. Brandán & CO. Será unha experiencia inmersiva onde se poderán descubrir as realidades históricas de Sarria.

Ademais, este fin de festa de Ulteira et Suseia incluírá a actuación en directo dos vigueses Cal-

do, unha formación que achega a música tradicional a contextos sonoros contemporáneos a través da experimentación cos propios instrumentos. Camiño-grafías pechará coa pinchada de Jorginho DJ e JLG cun xantar popular onde se espera que toda a localidade salga das súas casas a pasalo en grande.

Sound Sisters, o grupo de rock de orixe sarriá, conta con novo tema

O grupo de Sarria Sound Sisters que se fraguou tralo confinamento pola covid-19, ten xa numerosos temas propios e actuacións programadas en distintos festivais este verán.

O seu novo sinxelo, que xa pode escoitarse en distintas plataformas coma Youtube ou Spotify, chámase *Wild life*. É o segundo tema que graban en gala da escolla da liberdade usando o leitmotiv da viaxe como algo literal no vídeo e algo simbólico en forma de viaxe como a vida mesma. 'Sound Sisters' está formado por Nerea Iglesias (voz), Olalla Losada (piano y voz), Tomás Solano (guitarra), Brandan Corredoira (batería) e Morris Moreno (bajo). Todos eles forman parte da asociación sarriá Rúa da Música e decidiron xuntarse para facer música no que nun principio resultou ser "sen máis perspectivas".

"Foi por unha necesidade de volver a xuntarnos e facer música despois duns meses nos que esa actividade se vira perdida", comenta Olalla Losada. Pouco despois tiveron o seu primeiro concerto, en Sarria, e posteriormente no mes de outubro formaron parte do cartel do San Froilán de Lugo.

Sound Sisters é unha banda de rock aínda que os seus compoñentes veñen de diferentes estilos musicais, dende o heavy metal ata o punk ou a música tradicional. A banda ofrece versións de Jimi Hendrix ou Janis Joplin, entre outros artistas.

PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

# A veciñanza elaborou a Alfombra Mundial do Xacobeo 2022

Máis de 15.000 persoas de todo o mundo encargáronse de elaborar a Alfombra Mundial do Xacobeo 2022, evento que tamén se celebrou o derradeiro ano e consiste en facer todos a mesma alfombra de xeito conxunto durante os mesmos días, 24 e 25 de xullo, en cada un dos seus pobos ou cidades. Este ano, como novidade, varios alfombristas que se atopan facendo o Camiño de Santiago, axudaron na realización desta gran alfombra dun total de setenta metros cadrados na praza da Inmaculada en Santiago Compostela.

O deseño deste ano corre a cargo de Antonio Cunha, de Setúbal, e consiste nunha alegoría das vidrieiras que se atopan nas igrexas, amosando a cruz de



Santiago como o faro que guía aos peregrinos.

O promotor desta iniciativa é a Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de

Santiago, destinada a difundir, espallar e promocionar o Camiño de Santiago e o patrimonio material e inmaterial vinculado a el.

# O BNG demanda o reforzo de pediatría no centro de saúde

O Bloque Nacionalista Galego en Sarria demanda á Xunta de Galicia que dote de persoal facultativo necesario no servizo de pediatría do centro de saúde e PAC da localidade.

O concelleiro do BNG en Sarria, Efrén Castro explicou "é un problema que vén debido a diversas causas laborais, mais a Xunta non está a repoñer os facultativos necesarios para dar un servizo digno en pediatría"

Neste sentido salientou a situación do servizo "neste momento pediatría atópase sen ningún



persoal de referencia, xa que cada día é un facultativo distinto, facendo que moitas familias estean barallando a posibilidade de

achegarse até os centros privados para contar cunha atención pediátrica"

Efrén Castro destacou que "é indecente cun concello de máis de 10.000 habitantes non teña este servizo público en condicións óptimas, supón unha vulneración nos dereitos das nenas e nenos a contar cunha sanidade pública" Deste xeito, BNG impulsará iniciativas no Parlamento galego para que se cubra o servizo de pediatría de Sarria cos recursos e profesionais suficientes, e así, garantir o servizo.

# Os centros educativos recibiron libros sobre muller e igualdade



A Concelleira de Educación, Muller, Igualdade e Xuventude entregou aos responsables dos centros educativos sarriaos 34 exemplares dedicados ás diferentes etapas educativas e tamén para o profesorado dos centros. No caso da biblioteca foron 35 exemplares e 17 exemplares no caso da Escola Infantil Xela Arias. En total entre os oito centros 256 exemplares. Desenvolvéronse oito bibliotecas coeducativas para os colexios A Merced, A Asunción, Antonio Fer-

nández López, Frei Luis de Granada, Escola Infantil Xela Arias e os insitutos, Gregorio Fernández e Xograr Afonso.

O proxecto encádrase dentro das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para incluír en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, incluíndo nos currículos escolares os valores da diversidade e a tolerancia.

# O ciclo de teatro profesional aterra en Sarria o 21 de agosto

A vicepresidenta da Deputación de Lugo Maite Ferreiro presentou o circuío de teatro profesional promovido pola área de Cultura, que inclúe 47 representacións de once compañías por toda a provincia. Trécola, Mircromina Teatro, Lílã Teatro, Ubú Teatro, Producións Señor López, Xamón Producción, Ítaca Teatro, Pínconús, Batega, Teatro Baixo da Area e A Compañía Solitaria do Dr. Monifate xirarán desde este mes de agosto ata decembro con propostas escénicas para

distintos públicos, desde teatro de títeres para público novo ata montaxe con gran peso do baile tradicional e da música en directo na escena ata adaptacións teatrais de textos literarios como Poeta en Nova York.

Así, o 21 de agosto ás 19.00 horas no colexio de Louseiro de Sarria, Ubú teatro representará a súa obra O vixiante dos soños.

É un teatro con monicreques destinado a público familiar a partir de 3 anos.



**VTC**  
**Urban**

Hacemos tu camino  
**MÁS FÁCIL**

- Vehículos premium • Hasta 8 plazas
- Convenciones • Bodas
- Servicios a empresas
- Traslados a aeropuertos
- Nacional e internacional

Tfnos.: 659 160 498  
650 578 924  
669 422 320  
<https://urbantaxi.es/>









# Volve o ilusionismo

A 17 edición do Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria, enche un ano máis as rúas de espectáculos e público de todas as idades

O evento que se celebrará entre os días 18 e 21 de agosto, reunirá a 24 ilusionistas que levarán os seus espectáculos a distintos puntos da vila.

Unha nova edición deste festival onde tanto nenos como maiores poderán desfrutar coas actuacións de máis dunha ducia de magos e ilusionistas que se darán cita en Sarria dende o xoves 18 de agosto e ata o domingo 21.

Os espectáculos terán lugar en espazos como a Casa da Cultura ou a praza da Vila.

O programa do XVII Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria comezará a súa andadura ás 16.15 horas cun espectáculo de maxia que terá lugar o xoves 18 na residencia de maiores e posteriormente no paseo do Malecón, ás 17.45 horas, haberá maxia infantil a cargo de 'Edu, el mago'. Este mesmo día, os actos rematarán ás 22.30 horas coa gala inaugural 'Sarria é maxia'.

Para o venres hai previstas varias actuacións e unha conferencia para magos, o sábado os eventos rematarán ás 01.00 horas da madrugada co 'Open Magic' e xa o domingo, dende ben cedo, terá lugar un espectáculo de maxia infantil ás 12.00 horas, a sesión vermú nas terrazas do Malecón, unha gala final e como colofón, ás 22.30 horas a gran gala final na praza da vila.

**FESTIVAL MUNDIAL DO ILUSIONISMO.** O Festival Mundial do Ilusionismo Galicia Ilusiona percorrerá 17 concellos lucenses desde o 3 de agosto ata o 3 de setembro, con outras tantas actuacións de recoñecidos magos e magas. Da man do Xacobeo 21-22, a Xunta de Galicia levará por toda a provincia distintos espectáculos de maxia de preto, extrema, maxia na rúa, solidaria e unha gran gala, coa presenza de sete dos mellores magos e magas a nivel mundial.



A gran gala máxica internacional será un dos pratos fortes deste festival, que en Lugo terá lugar o 3 de setembro no auditorio Gustavo Freire e que contará coa presenza de sete dos mellores magos e magas do panorama internacional, encargados de traer ata Lugo

actuacións de maxia de preto, escapismo, maxia de gran formato, telequinese, mentalismo, poesía máxica ou ilusionismo infantil. A gran gala máxica será o único espectáculo deste festival para o que se precise entrada, aínda que o custo é reducido, cun prezo úni-

## PROGRAMA

### XOVES 18

- 16.15 horas – Maxia na residencia de maiores da man de Nacho Samena
- 17.45 horas – Maxia infantil no paseo do Malecón (ao lado do Xarope) con "Edu el Mago"
- 19.00 horas – Maxia de salón "Travesía dos soños" da man de Nacho Samena, Sara Rodríguez e Adrián Marmac
- 20.30 horas – Maxia de preto en "Calzados Gayoso" coa actuación principal de Daniel Sánchez, Magic Mateo e Roberto Lolo
- 22.30 horas – Gala inaugural #sarriaemaxia no "Meigallo". Coas actuacións de Sarapín, o Mago Iago, Yao Xing, Coraly Corazón e Edu el Mago

### VENRES 19

- 11.15 horas – Maxia infantil en "Creados" da man de Nacho Samena e Roberto Lolo
- 12.45 horas – Maxia no Camiño na praza de Santa Marina, con Mr. Brandan e Edu el Mago
- 16.15 horas – Maxia no CAPD de Sarria con Nacho Samena e Mr. Brandan
- 16.30 horas – Conferencia para magos no Meigallo con Juan Luis Melgar
- 17.45 horas – Maxia infantil no paseo do Malecón (enfrente de La Isla e Next) con Sarapín
- 19.00 horas – Maxia de salón no "Montecarlo" coas actuacións de Daniel Sánchez, Magic Mateo, Sara Rodríguez e Juan Luis Melgar
- 23.00 horas – Gala inaugural #sarriaemaxia no "Meigallo". Coas actuacións de Yao Xing, Jaime Figueroa, Adrián Marmac e Javi Rufo
- 00.30 horas – Maxia no Adarve da man de Coraly Corazón, Edu el Mago, Gustavo Biosca, Juan Luis Rubiales, Román García e Javier Natera

### SÁBADO 20

- 12.45 horas – Maxia no Camiño na praza de Santa Marina con Edu el Mago e Sarapín
- 16.30 horas – Conferencia para magos no Meigallo con Dani DaOrtiz
- 17.00 horas – Maxia infantil no paseo do Malecón (ao lado do Tropi) con Yimis Maulder e Mr. Brandan
- 18.30 horas – Maxia infantil no Adarve con Sarapín e o Mago Iago
- 20.00 horas – Gran gala de maxia de preto "Casa da Cultura" da man de Sara Rodríguez, Daniel Sánchez, Javi Rufo, Juan Luis Rubiales e Dani DaOrtiz
- 23.00 horas – Gala #sarriaemaxia no "Meigallo" con Román García, Coraly Corazón, Adrián Marmac, Juan Luis Melgar, Inés e Edu el Mago
- 01.00 horas – "Open Magic" no "As de Pikas" con Jaime Figueroa, Gustavo Biosca, Javi Natera, Cristóbal Ardila e Dani DaOrtiz

### DOMINGO 21

- 12.00 horas – Maxia infantil no parque do Chanto con Yimis Maulder
- 13.15 horas – Sesión vermú nas terrazas do Malecón coas actuacións de Daniel Sánchez, Magic Mateo, Sara Rodríguez e Nacho Samena
- 17.15 horas – Gala infantil no Meigallo "Todo polo sorriso dun neno", da man de Adrián Marmac, Yimis Maulder e Román García
- 19.00 horas – Gala infantil na Unión con Mr. Brandan, Daniel Sánchez, Nacho Samena e Sara Rodríguez
- 22.30 horas – Gala final con Jaime Figueroa, Javi Rufo, Mago Iago, Juan Luis Rubiales, Inés, Roberto Lolo, Edu el Mago e Jorge Luengo

co de 12 euros, para as entradas que xa están á venda en [www.galiciailusiona.es](http://www.galiciailusiona.es).

A outra gran actuación, prevista para o 24 de agosto, tamén na ci-

dade de Lugo, será na Rúa da Raíña, ata onde levará o seu espectáculo de maxia extrema Víctor Cerro, considerado un dos mellores escapistas do mundo e record mundial en maxia extrema. O reto estará presentado polo xornalista deportivo Terio Carrea e terá como protagonista un vehículo de gran cilindrada.

Ademais de na cidade de Lugo, Galicia Ilusiona levará a maxia ata outros 16 concellos nos que actuarán algúns dos mellores ilusionistas actuais como o Mago Teto, Nacho Samena, Patri Zenner e Roberto Lolo. Todos eles levarán a súa maxia ata Burela, Chantada, Cervo, Castro de Rei, Foz, Cospeito, Guitiriz, Friol, Monforte de Lemos, Sober, Outeiro de Rei, Monterroso, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.



# “Este ano recuperamos os espectáculos de maxia na rúa”

Roberto Lolo é o promotor de Maxia Vila de Sarria

**Que novidades presenta esta edición?**

Penso que é importante destacar que este ano recuperamos, cousa que me fai especial ilusión, a maxia na rúa. Traeremos aos mellores magos infantís porque os cativos para min foron os máis damnificados despois destes dous anos, moitas familias non puideron vir... así que volveremos a centrarnos na maxia na rúa. Hai moitos artistas invitados que é a primeira vez que veñen ao festival e por primeira vez, tamén haberá un número de faquirismo da man de Coraly Corazón, unha artista cun espectáculo de “Freak Show” onde mezcla faquirismo, burlesque e comedia. É a única muller no mundo que fai este tipo de shows e no seu día, deixou abraiado a todo o público e ao xurado de “Got Talent España 2021”. Tamén recuperamos maxia en locais con aforos completos, se non hai ningún cambio que espero que non, e hai moitos máis artistas invitados. Este ano hai un total de 24. Sobre todo recuperamos a maxia na rúa e o feito de poder ir facer maxia a lugares coma o CAP de Sarria ou a residencia de anciáns, algo que me fai moi feliz.

**Trala época da pandemia imaxino que o público do festival diminuíu bastante, espérase unha boa acollida para este ano?**

Claro durante a pandemia, malia que o festival nunca tivo que suspenderse, a acollida foi menor xa que tódalas actuacións tiñan un determinado aforo que había que cumprir e por iso as actuacións desenvolvéronse noutro tipo de

espazos. Este ano recuperamos como che decía, a maxia na rúa. Fai moitos anos que o público responde de forma increíble ao festival. A entrada é gratuíta como tódolos anos e é importante que a xente esté atenta ao cartel para non perder detalle e non perderse ningún evento. Esperamos moi boa acollida xa que non só virá xente de Sa-

**“A maxia é unha arte que hai que dominar cos anos e non é facelo dun día para outro, é un proceso como unha carreira que require de experiencia, práctica e ler e estudar moito”**

rria, vén xente de moitas partes de España, xente de fóra, peregrinos que están de paso no municipio e deciden quedarse un par de días máis só para desfrutar do festival...

**Que nos poderías dicir que teñen en común os 24 artistas invitados? Porque vemos que son profesionais que traballan disciplinas moi diferentes**

Tódolos artistas teñen en común que van dar o mellor de sí na súa disciplina para entreter á xente. Son artistas que algúns son os mellores do mundo no seu como Dani DaOrtiz que é o mellor cartomago do mundo, temos a Inés que é a

maga máis popular que hai en España e que en 2016 foi escollida entre os 25 mellores magos do mundo... e bueno, o que os une a todos é esa capacidade que teñen para sorprender, para entreter, para facer rir á xente e que o pasen increíble. Eso é o que nos une, únenos a maxia a todos.

**Cal foi o número de maxia ou a actuación que a ti che deixou abraiado?**

Máis que algún número de maxia en concreto, hai artistas que son parte da miña inspiración e que practicamente cada un dos seus números deixábanme coa boca aberta. Eu lémbrome de cando era moi pequeniño, a Juan Tamariz que é unha lenda en España pero xa non só Tamariz, eu era moi fan de Pepe Carrol de neno, que sempre me quedará a espiniña de non poder coñecelo en persoa. Coñecín a case tódolos magos que quixen, menos a el, que finou moi cedo. Despois tamén está Armando Lucero que é un mago mexicano que me encanta, David Williamson que tamén é unha referencia para mí e logo o que eu considero o meu mestre que é Roland García e Dani DaOrtiz.

**Entre todos os invitados vemos que está Dani DaOrtiz, de quen afirmas que “a pesar de que nunca che ensinou un xogo de maxia, foi de quen máis aprendestes esta arte”.**

Si porque moitas veces e creo que é algo que se está a perder, sobre todo coa aparición da tecnoloxía, hai moita xente que está empezan-



do na maxia e fíxanse soamente nos trucos, en como facer os trucos. Pero unha cousa son os trucos e outra cousa é a maxia. A maxia é todo o que rodea ao truco en sí e por exemplo Dani DaOrtiz, efectivamente, nunca me ensinou un truco mais con todo, é de quen máis aprendín todo o demais que é o que eu denomino a maxia e que é algo que se está perdendo. Creo que hai que poñer especial coidado porque moitas veces a tecnoloxía facilítanos tanto o acceso a certas cousas que perdemos de vista todo o demais. A maxia é unha arte que hai que dominar cos anos e non é facelo dun día para outro nin dun ano para outro, é un proceso como unha carreira calquera, require de moitos anos, de moita experiencia, de moita práctica e hai que ler moito e estudar moito. Ás veces o que pasa coas redes sociais é que simplifican este proceso e na simplificación moitas veces pérdese a aprendizaxe e os anos de experiencia, porque pénsase que xa se sabe todo e pola contra, moitas veces só

se aprende o truco. É unha pena porque hoxe en día moita xente recorre a iso porque é máis cómodo, máis fácil e máis rápido. É un pouco como na cociña, hai comida rápida que ten a calidade que ten pero serve para quitarnos o gusanillo pero logo hai unha cociña máis elaborada, máis preparada y con outra substancia.

**A parte da actuación de numerosos artistas invitados, de que máis poderemos desfrutar durante o festival?**

Poderemos desfrutar de moitas disciplinas de maxia en diferentes espazos como xa comentei e estes magos, en concreto os maestros Dani DaOrtiz e Juan Luis Rubiales, participarán en varias conferencias para magos afeccionados. Esta iniciativa si que tivémola que suspender durante a pandemia pero agora volve pisando forte, polo que recomendo a todo o mundo que poda ir, que asista. Sobre todo para aqueles que estén empezando no mundo da maxia.

## SHOPPING CHINA SARRIA



Rúa Calvo Sotelo 128, Sarria - Tfno.: 691 830 698

## O servizo de atención temperá volverá licitarse ao quedar sen adxudicar

É a segunda vez que se esgota a contratación deste programa comarcal, que ata o de agora segue a prestar a mesma empresa.

A finalidade é ofrecer un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de entre 0 e 6 anos con discapacidade intelectual (á familia e ao seu entorno), co obxectivo de dar resposta o máis cedo posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastornos no seu desenvolvemento, ou que teñen risco de padecerlos.

O programa, para o conxunto dos sete concellos da comarca, saíu a contratación no mes de maio por 74.000 euros para desenvolverse ata o 31 de outubro. Ao concurso concorreron dúas firmas, sendo excluída unha primeira delas por incumprir a súa oferta no apartado das prescricións técnicas.

A mesa de contratación propuxo entón adxudicarlo á outra empresa, se ben pediu que os servizos técnicos municipais elaboraran un informe de verificación sobre o cumprimento do local ofertado coas especificacións técnicas solicitadas. Este documento indica que cumpría coas condicións, agás no que a superficie da sala de lactación se refire.

A atención temperá xa salira a concurso en decembro do pasado ano, pero unha firma (a única que concorreu) presentou un recurso contra as bases no Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia e estimouno parcialmente. Por isto, o concello sacouno de novo a licitación en maio.

A atención temperá púxose en marcha hai un ano, tras recibir unha axuda da consellería de Política Social. Na actualidade, conta cunha nova subvención desta administración.

## O PP, preocupado polo estado das ribeiras dos ríos na urbe

O grupo municipal do PP amosa a súa preocupación polo estado das ribeiras dos ríos, nos tramos urbanos do municipio de Sarria. Tanto é así que manifestan o seu descontento e piden ao concello que se revise o seu estado e que se mellore a súa conservación.

O partido lembra que no é a primeira vez que a caída de varios exemplares provoca danos materiais, e buscan previr isto antes de que os danos sexan maiores. É o caso por exemplo da árbore que

está caendo en pleno paseo de O Chanto, unha zona de paso de nenos e maiores.

Xa a comezos de maio o partido fixo a súa correspondente reclamación e pedía que se revisasen de forma urxente as ribeiras dos ríos Sarria e Celeiro para comprobar o estado dos exemplares, e foi entón, no prazo dunha semana cando caeron as árbores. Por iso mesmo e para evitar males maiores, propoñen de novo a toma cartas no asunto.

## O Concello mellora as condicións das infraestruturas no rural

Cun orzamento que supera os 100.000 euros, o obxectivo principal é acondicionar catro pistas, varias estradas e camiños, de forma que se facilite e o acceso aos distintos municipios.

Estas obras de reacondicionamento de catro pistas municipais, para as que se destinarán un total de 117.000 euros, están enmarcadas dentro do plan de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas dos anos 2022-2023. Parte destes fondos proceden da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Cun prazo máximo de execución de 30 días naturais, o concello de Sarria priorizará a limpeza de cunetas (axudándose do uso de motoniveladoras e da aplicación de distintas capas de materiais co fin de evitar o excesivo deterioro das estradas). Para isto, substituirase o dobre rego asfáltico previsto no



proxecto inicial por un triple máis resistente.

As catro pistas nas que terán lugar as obras, serán as que dan acceso ao municipio. En concreto a que une a parroquia de Cedrón co cruce da pista a Vilarmaior (na entrada a Perros), a vía que comunica co núcleo de Castelo de Loureiro e, finalmente, o camiño que conecta coa parroquia de Goimil.

Segundo indica o concello, a licitación destas obras cumpre co

obxectivo de mellorar as condicións das infraestruturas do rural, como é o caso das estradas e camiños, facilitando a vertebración e o acceso aos municipios. Ademais, tamén se busca favorecer o tránsito de maquinaria agrícola ás explotacións agrarias, para poder lograr “unha maior axilidade nas operacións e na redución dos custos e do tempo necesarios para poñer os produtos no mercado”, apuntan.

## Remata o obradoiro de emprego

A Xunta de Galicia entregou os seus diplomas aos alumnos do obradoiro de emprego Camiño de Santiago II, promovido polo Concello de Sarria e financiado pola consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con 347.000 euros.

O taller contou con 20 prazas e impartiu a especialidade de pavimentos e albanelería de urbanización. O alumnado tivo acceso a un contrato de traballo durante os nove meses de duración da actividade, que incluíu formación teórica e práctica.

Os participantes traballaron no acondicionamento e pavimentación



da ruta xacobea ao seu paso polos núcleos de Perros e Aguiada, na parroquia de Calvor.

A consellería está a piques de notificar as concesións da nova convocatoria de obradoiros duais

que permitirá formar unhas 1.600 persoas en Galicia con dúas grandes novidades: un incremento do orzamento do 23% e un maior período de formación do alumnado, pasando dos 9 aos 12 meses.

**Brico Sarria**

-Pinturas -Barnices  
-Pavimentos -Decoración

Matías López, 80 - Bajo  
27600 - SARRIA - (LUGO)  
Tel/Fax: 982 53 25 35  
Email: bricosarria@hotmail.com

**DISTRIBUCIÓN DE GASOLEOS  
OFRECIENDO CALIDAD Y SERVICIO  
DESDE 1995**

**GASÓLEO A (Automoción) / GASÓLEO B (Agrícola) /  
GASÓLEO C (Calefacción)**

**V.V.**  
DISTRIBUCION DE GASOLEOS  
DISTRIBUCIONES VAZQUEZ  
Y VILLAR S.L.U.

Treilán s/n - 27600 Sarria (Lugo) / e-mail: vazquezvillar@yahoo.es  
TFNOS. DE PEDIDOS: 982 530 053 / 617 313 028 / 608 588 396

# “Hai un mercado de vivenda de segunda man moi importante”

Enrique Ventosinos, administrador de Inmobiliaria Moreno

## Cantos anos leva a inmobiliaria funcionando en Sarria e como foron os inicios?

Inmobiliaria Moreno está en actividade dende fai uns 40 anos, fomos a primeira inmobiliaria de Sarria e dende entón, ampliamos a actividade a comunidades e seguros. Os inicios foron, como supoño que serán en tódalas actividades que se emprenden, inicialmente sen apenas actividade xa que era moi raro a intervención dun profesional nunha operación de compra venda e o alugueiro apenas existía.

## Quen forma o equipo de traballo da inmobiliaria Moreno?

O equipo de traballo formámolo catro persoas nas que eu exerceo de xerente aportando a miña experiencia e as outras tres persoas (de menor idade), aportan o traballo, a xuventude, o ímpetu e os desexos de facer a súa tarefa con eficacia e responsabilidade.

## Imaxino que terán pasado por épocas peores que outras... como lles afectou por exemplo a pandemia do coronavirus? Aínda se están a recuperar?

Pasamos de todo como pasa en todas partes; crises económicas, épocas de bonanza, épocas de inestabilidade e incerteza, pero todo na vida é pasaxeiro. No referente á pandemia, sufrímolos con resignación, con moito respecto pero sin temor. Somos conscientes de que na vida hai momentos e circunstancias mellores ou peores e que hai que superar. Todo pasa, nada é para sempre.

## Como ven na actualidade o mercado inmobiliario? Hai datos esperanzadores?

O mercado inmobiliario actualmente pasa por unha época de transición na que as novas tecnoloxías axudan no traballo pero causan unha gran inquietude no noso sector e supoño que en todos os ámbitos da vida, xa que é necesario adaptarse rapidamente a toda unha avalancha de novas formas de traballo. En canto á venda de vivendas creo que efectivamente hai datos esperanzadores sempre e cando se controle a inflación xa que cos niveis actuais é imposible que algún promotor poda facer os cálculos dos precios aos que pode vender unha obra nos seus inicios. Agora hai un mercado de vivenda de segunda man moi importante e a venda ou construción de obra nova está case paralizada pola gran incerteza actual, pero como dixen con anterioridade, estos son ciclos que pasan e cando terminan a actividade remonta con maior auxe.

## Ao ter propiedades por tódolos municipios da comarca, notaron que lles afecte o Camiño de Santiago de maneira positiva?

Notouse moito. O camiño de Santiago está a ser fonte de riqueza para todos, poderíamos dicir que é unha “bendición celestial”. Por iso, é fundamental que defendamos o noso patrimonio, o noso camiño auténtico (o Camiño Francés) fronte á innumerable aparición e promoción de outros camiños que xurden como reclamo turístico xa que non todos os

camiños levan a Santiago coma o noso.

## Cal é a porcentaxe de vendas ou alugueiros a persoas estranxeiras? Aumenta nos meses de verán?

A persoas estranxeiras véndese moi pouco, pero é algo que antes non existía, agora comezamos a ter actividade nese sentido. No referente aos alugueiros, o mercado é moi activo pero xestionado por empresas turísticas que teñen a súa actividade esencial en alugueiro de pisos e apartamentos turísticos fundamentalmente nos meses de verán. Os que nos dedicamos ao alugueiro permanente temos o eterno problema de sempre e agora máis agudizado e é a inseguridade xurídica á hora do alugueiro xa que o propietario séntese indefenso cando as leis actuais non lle dan ferramentas suficientes para defenderse. A maneira de baixar os prezos é ter suficiente oferta e iso só se consegue dando unha seguridade aos que teñen vivendas para que as dediquen ao alugueiro.

## Que nos ofrece a súa inmobiliaria? Propiedades de obra nova, de segunda man? Que servizos ofrecen ao cliente?

Nós dispoñemos de propiedades de obra nova, de segunda man, venda e alugueiros e humildemente ofrecemos experiencia de máis de corenta anos no mercado inmobiliario. Ofrecemos honradez e sensatez á hora de valorar e tramitar calquera operación inmobiliaria.



## Cal é a súa recomendación agora mesmo? Aconsellaría comprar ou alugar?

A compra é unha decisión importante na vida pero non fundamental, depende do momento de cada un (das finanzas, da capacidade de endebedamento...).

Moitas veces é mellor alugar que comprar aínda que non sempre. A miña recomendación agora mesmo é que se tomen unhas vacacións, disfruten do verán e sen lugar a dúbida, agora é bo momento para adquirir unha vivenda a un precio asequible.



¡Consúltenos!

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

**SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS**

**SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO, CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO JURÍDICO CONTINUADO**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados veiguela abogados

# A MAXIA DAS PARROQUIAS

## Santiago de Barbadelo

### Unha parroquia tinguida de estilo románico que se integrou no Concello de Sarria no ano 1840

As orixes desta pequena aldea do municipio de Sarria remóntanse ao século XI, cando foi fundado un monasterio mixto de monxes e monxas, algo moi novidoso para a época. Chegou a ser priorato da abadía de Samos ata que na época da desamortización pasou a ser parroquia. Barbadelo dista uns tres quilómetros en dirección oeste do Concello de Sarria, cara Portomarín e Santiago. Situada en pleno Camiño de Santiago, localízase a uns 28 quilómetros ao sur de Lugo, a capital.

De feito baixo o mesmo tellado no que se atopa a sacristía, coa porta de entrada dende o atrio-cemiterio, hai unha dependencia que foi 'hospitalillo' para a acollida de peregrinos e que aínda hoxe conserva unha cociña alta e unha chimenea francesa.

A parroquia está formada por vinte dúas entidades de poboación, constando vinte delas no nomenclátor do Instituto Nacional de Estadística español. Estas parroquias son: Abeledo, As Paredes, Baxán, Devesa (A Devesa), Loureiro, Marzán, Melle, Miralde, Monte (O Monte),

Mosteiro (O Mosteiro), Pico (O Pico), Rañoá (A Rañoá), Rente, Sabenche, San Martiño, San Silvestre, Serra (A Serra), Surriba, Taíde, Vilar e Vilei.

Todos os seus monasterios (de tipo familiar) remataron por caer no ámbito de influencia do mosteiro de Samos e perda da súa independencia, só perdurou convertido en priorato o de Santiago de Barbadelo, convertendo aos restantes cenobios en igrexas parroquiais, ermidas ou capelas.

Como tal priorato mantívose dentro da órbita de Samos ata 1835 e a xurisdicción territorial que ata o de agora correspondera á Abadía de Samos, pasou no ano 1840 a formar parte do Concello de Samos como un enclave dentro do territorio sarriá. Non foi ata este ano, 1840, cando a parroquia de Barbadelo intégrase no Concello de Sarria.

#### PATRIMONIO

O seu monumento máis emblemático é a igrexa de Santiago de Barbadelo, de finais do século XII, moi rica en ornamentación e iconografía medieval, e que



foi declarada Ben de Interese Cultural no ano 1980.

En Sarria, no Camiño de Santiago localízase esta fermosa igrexa adicada ao mesmo Apóstol que conserva parte da súa orixinalidade románica aínda que no século XVIII, substituíu a súa ábside orixinal por outra de formas rectangulares. O que si mantén moi ben conservados, son os muros norte e occidental, destacando neles sendas portadas decoradas.

Da fachada resalta o antigo torreón de planta cuadrada. A portada, tamén de orixe románico amósase algo alterada, observando as simetrías rectas das reformas posteriores. Destacan os capiteis das columnas decoradas con motivos antropomorfos e de animais. No tímpano presenta unha curiosa pedra labrada decorada cun sillar e sobre ela, represéntase unha estraña figura.

É probable que estas pezas pertenceran a un templo anterior sobre o que se asenta a igrexa de Santiago de Barbadelo. Xa no interior, un retablo barroco preside o altar, cuxa figura máis representativa é a do Apóstol. Xunto á igrexa parroquial atópase un edificio coñecido como o mosteiro, que xa dende o século XVI estaba aforado por particulares e logo de ser adquirido no

período da desamortización pola familia Pérez Batallón, foi vendido no século XX a uns labregos. Cara o sur da igrexa, no lugar de Sorriba, atópase outro edificio coñecido como O Priorato ou A Portería, que era o punto onde residían os monxes de Samos encargados de administrar o Priorato e algunhas casas anexas (parroquias de Albán, Barbadelo, Piñeiro e parte de Maside). Dentro deste edificio atopábase unha capela adicada a San Froilán.

Foi despois do proceso desamortizador cando Barbadelo se incorporou á Diocese de Lugo, xa que coma o resto de parroquias dependentes da abadía de Samos, formou parte da xurisdicción case episcopal dos abades de Samos. Posteriormente pasou a ser adquirida por un particular que está procedendo á súa restauración.

Probablemente sexa a súa torre o elemento máis emblemático do edificio, cunha inusual arquitectura. Álzase sobre o chaflán noroeste do templo compartindo os seus muros como lenzos. En cada un dos tres muros da nave ábrese unha portada. A sur, actualmente cegada é tan só vestixio. No muro norte, próxima á sacristía adosada, temos a portada septentrional. É de medio punto dovelado e

está decorada con chambrana con motivos de sogueado e esquinillas. O tímpano rechéase cun dintel levemente pentagonal sen decoración e varios bloques de granito. O seu medio punto apea por medio de ábacos decorados en sendos capiteis e as súas respectivas columnas. A decoración amosa sendos leóns enfrontados na esquina libre da nosa esquerda, mentres que no lado oposto hai unha simboloxía máis sofisticada: en cada unha das súas caras vemos dúas serpes con cabeza de dragón cuxos corpos amósanse enrolados. As cabezas exteriores aparecen comendo froitos vexetais mentres que as que se orientan ao ángulo libre do capitel, parecen beber dun cáliz.

Na fachada oeste atopamos a portada mellor tratada do templo. Sitúase nun corpo levemente avanzado rematado por unha parte de granito orlado e axedrezado, que se sustentaba con canecillos decorados, dos que quedan algunhas mostras. Posúe tres arquivoltas, dous de borde liso e unha de menor tamaño intermedia que apea en pilastra e está decorada con pequenos bezantes. As outras dous apéanse en columnas acodilladas provistas de dúas parexas de basas e capiteis decorados.



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES  
Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena

José Luis **MATANZA** 657 982 987  
SARRIA (LUGO)





## COMARCA

# Mitma pon en servizo un desvío na A-6 polo derrube dos viadutos

Acurta en 6,6 km o paso a través da N-VI, que queda reducido a 4,1 km

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma), con motivo das obras de reparación dos Viadutos do Castro, poñerá en servizo a partir de mañá mércores 20 de xullo ás 11:00 horas un novo desvío dende a A-6 á N-6 situado entre os PP.KK. 428+600 e 432+500 da citada autovía.

Con iso acúrtase en 6,6 km o desvío actual, que pasa de ter 10,7 km a través da N-6 a ter só 4,1 km, establecendo así a operatividade da autovía entre os PP.KK. 422+000 e 428+600.

Iso permitirá reducir en máis da metade o tempo de paso actual polo desvío tanto para vehículos pesados como para vehículos lixeiros quedando, no peor dos casos, entre uns 5 e 6 minutos.

O director xeral de Estradas de Mitma, Javier Ferreiro, informou dos detalles e da apertura do novo desvío, ao director xeral de Estradas e Infraestruturas da Junta de Castilla y León, Jesús Félix Porta García e ao director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez, nunha reunión telemática.

Na devandita reunión, tamén se abordou o novo plan de mobilidade alternativa, exposto unha vez analizadas as diferentes propostas que se recibiron por parte doutras administracións. Devandito plan inclúe tanto as distintas previsións de desvíos como os roteiros alternativos que se expoñen para os transportes especiais que viñan utilizando a A-6 ao seu paso por



Aberto o desvío do tráfico polos derrubes do viaduto do Castro

Pedrafita do Cebreiro e que polas súas dimensións non poden utilizar os desvíos actuais.

Unha posible solución para moitos dos transportes especiais nesta situación é a través da A-6 ata Benavente utilizando posteriormente a A-52, AG-53, AP-53 e AP-9 ata Ferrol. Dita roteiro alternativo implica a utilización do desvío das obras da "ligazón orbital" de Santiago, sito no p.k. 64 da AP-9. O paso polo devandito desvío efectuaríase en xanelas horarias.

Neste contexto, o director xeral de Estradas informou que outra solución en fase de estudo para o tráfico xeral con sentido Madrid é o establecemento do desvío desde a A-6 á N-6 no semienlace Leste de Pedrafita do Cebreiro sito no p.k. 431 da A-6. Así mesmo, esta última proposta permitiría o tránsito de vehículos especiais, en ambos sentidos.

A solución está a ser deseñada por Mitma en coordinación coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT) e Garda Civil das provincias de Lugo e León. Con ela reduciríase á metade a intensidade media diaria actual (5.000 vehículos diarios que aumentan a 6.000 en período estival cun 30% de pesados). Así, a travesía de Pedrafita do Cebreiro recibiría unicamente o tráfico xeral sentido A Coruña, volvéndose a unha intensidade de tráfico na travesía análoga á existente antes do 7 de xuño do presente ano, data na que activaron os actuais desvíos.

Por último, Mitma está a deseñar un Protocolo Especial de Vialidad Invernal no desvío de Pedrafita que será coordinado coas Delegacións do Goberno de Galicia e Castela e León, as Subdelegacións do Goberno de Lugo e León e coa DXT e Garda Civil de Tráfico de ambas as Comunidades Autónomas.



## Adjudican a redacción do proxecto que remata a autovía Nadela-Sarria

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, anunciou a adjudicación da redacción do proxecto construtivo que completará a autovía Nadela-Sarria, cunha primeira fase executada ao 75% para poñerse en servizo en outubro.

Vázquez Mourelle supervisou as obras desta primeira fase, cuxo avance permitirá que a Xunta abra en outubro ao tráfico esta infraestrutura que reforzará a seguridade viaria, a calidade de vida e a competitividade de Lugo, tras un investimento de 25 M€.

A intervención actúa concretamente nos 11,5 km que conectan A Pobra de San Xiao con Sarria centro, o treito que rexistra maior intensidade de tráfico. As obras supoñen a adaptación dos tres enlaces do treito, A Pobra, Sarria norte e Sarria centro, e a ampliación dos seis pasos inferiores; así como a instalación dun valado reforzado para evitar o acceso de fauna salvaxe.

Actualmente, os labores están cen-

trados na extensión das diferentes capas de firme, tendo xa estendido o 75% da primeira delas, correspondente co solo cemento e estando previsto continuar coas seguintes durante os meses de agosto e de setembro.

A conselleira, ademais de corroborar a posta en marcha en outubro da 1ª fase da autovía, adiantou que a Xunta vén de adjudicar a redacción do proxecto do treito que completará a infraestrutura ata Lugo.

Sinalou que en agosto se formalizará o contrato e comezará a redacción do proxecto de trazado, do estudo de impacto ambiental e do proxecto construtivo para a construción da segunda fase da autovía, ao longo de 13,5 km, entre A Pobra de San Xiao e a conexión coa A-6 en Nadela.

Este traballo, adjudicado por case 270.000 €, ponse en marcha para poder dispoñer xa a mediados de 2023 dun proxecto de trazado para someter a información pública.



Muebles  
**Celeiro**

Vilapedre 27614 (Crta. Lu546, km16)  
Sarria - Lugo  
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962  
www.mueblesceleiro.com /  
mueblesceleiro@gmail.com

**GESA ENERGIA**

ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS  
PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infómatel  
982 876 681  
sarría@xenera.com

**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

## O programa Xacobeando chega aos voluntarios ao Camiño de Santiago

Un proxecto no que mozos de Estonia, Grecia, Italia, Luxemburgo, Portugal, Eslovaquia, Letonia ou Lituania, poderán compartir vivencias mentres percorren incontables aldeas dos municipios de Triacastela, Sarria ou Paradela.

A Asociación Mundus acolle nesta terceira etapa que da comezo hoxe e durará hasta o 30 de setembro, a dezaseis voluntarios de entre 18 e 30 anos con residencia en España para participar no proxecto europeo Xacobeando, organizado por Don Bosco Galicia.

Os seus proxectos son sempre de dous meses xunto a voluntarios de países como Estonia, Grecia, Italia, Luxemburgo, Portugal, Eslovaquia, Letonia e Lituania. Os gastos da viaxe, aloxamento e manutención estarán cubertos polo proxecto gracias aos fondos Corpo Europeo de Solidaridade,

un programa financiado pola Comisión Europea.

**O PROXECTO.** Xacobeando é un proxecto de voluntariado de curta duración (dous meses en equipo no marco do programa do Corpo Europeo de Solidaridade), cuxo obxectivo é dar un valor engadido ao Camiño nun ano Xacobeo.

As actividades levaranse a cabo principalmente nos aloxamentos e polo percorrido do Camiño. A terceira etapa da comezo hoxe e a cuarta, durará dende o un de setembro ata o 31 de outubro. Nelas percorreren o Camiño Inglés e o Camiño Francés, realizando una viaxe por aldeas e municipios como Triacastela, Samos ou Sarria.

Para conseguir plaza e participar na derradeira etapa, simplemente hai que encher o formulario de inscrición.

## Unha campaña busca protexer ás mulleres que fan o Camiño

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, anunciou que 367 puntos do Camiño de Santiago na provincia colaboran na protección das peregrinas a través da campaña #NoCaminasSola: Camino de Santiago libre de violencia machista. Trátase dunha iniciativa que poñen en marcha, por segundo ano consecutivo, as unidades contra a Violencia de Xénero das Delegacións do Goberno nas comunidades autónomas polas que pasa o Camiño de Santiago para reforzar a seguridade das mulleres que peregrinan a Compostela.

Explicou tamén que “os datos apuntan a un aumento significativo das mulleres no Camiño; por iso, é moi oportuna unha campaña dirixida a para dar a coñecer ás peregrinas todos os recursos e ferramentas que poñemos ao seu dispor para a prevención e atención ante calquera tipo de violencia”.

A campaña ten por obxecto informar



ás peregrinas de todos os recursos que están á súa disposición para que poidan empregalos no caso de sufrir algún tipo de violencia. Para iso obxectivo elaborouse un material específico, en español e inglés, para distribuír nos principais puntos de referencia para as peregrinas dos 31 concellos polos que pasan os Camiños Francés, Primitivo, do Norte e de

Inverno. Na provincia de Lugo distribúense 371 carteis e 6.678 tarxetas en 145 albergues públicos e privados, 117 oficinas de farmacia, 22 postos da Garda Civil, 2 comisaría da Policía Nacional e 11 comisaría das policía locais, así como en 51 centros de saúde e dependencias da Cruz Vermella e en 19 oficinas de Turismo.

## Plataformas propoñen novos requisitos para a Compostela

Varias plataformas como Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago de Compostela (FICS) e Camiño Francés Federación (CFF), propoñen que se amplíen ata 300 os quilómetros necesarios para obter a compostelá ou ben que se eliminen directamente.

Estas plataformas reivindican que se eliminen os 100 quilómetros mínimos que precisan os peregrinos para acadar a Compostela xa que segundo indican, o sistema actual provoca a perda de identidade do Camiño. Debería ser unha experiencia que

leve intrínsecos os valores da aventura, a hospitalidade e o distanciamento, pero cos requisitos actuais vese reducido a un trote de 5 días.

Os cen quilómetros mínimos que agora son necesarios para ter a compostelá, son algo recente que deixa fóra a concellos como Triacastela, Samos ou Pedrafita. As estatísticas indican que se está a reducir o número de peregrinos. Os integrantes destas plataformas, poñen de manifesto que é compromiso de todos coidar a ruta xacobeá, pero sobre todo, das administracións públicas.

## A UNED abre a matriculación para o curso 2022/23

Os prazos de matriculación da UNED xa están abertos para os Graos, Graos combinados, Másteres, Microtítulos e o Curso de Acceso á Universidade para Maiores de 25 e 45 anos do novo curso académico. Para realizar o proceso de matrícula, totalmente online, necesítase crear un usuario e contrasinal de acceso ao Campus UNED que se pode obter por primeira vez desde o Sistema de Obtención do Identificador.

Dous novos Graos e dous novos

Másteres oficiais inclúense na oferta académica da UNED para este curso, cuxo prazo de matrícula está xa aberto até o 21 de outubro. O proceso de matriculación da UNED realízase totalmente online, e os estudos cúrsanse a través dunha metodoloxía online e semipresencial nova, única en España e líder no seu sector. Tamén queda aberta a matriculación para o Curso de Acceso á Universidade para Maiores de 25 e 45 anos.

## Empeza a campaña contra a supresión das paradas de bus

O BNG puxo en marcha en Palas de Rei unha campaña de recollida de sinaturas ante o novo plan de mobilidade do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Este proxecto contempla a supresión de paradas de autobús como recortes nos servizos ferroviarios nun cento de localidades do País, polo que a organización esixe a a modificación deste plan.

No caso de Lugo, suprimiranse as paradas de autobús nas localidades de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Baralla, O Corgo, Guitiriz, Palas de Rei e Monteroso.

A deputada Olalla Rodil, declarou “é inadmisíbel que se pretenda quitar o pouco que hai no interior do País, por isto desde o BNG esiximos o mantemento do servizo e instamos a mellorar as frecuencias e liñas” ao que subliñou “temos dereito a vivir, a traballar e a movernos no interior do País cun transporte do século XXI que atenda ás necesidades da veciñanza”

O BNG instalará mesas de información como de recollida de sinaturas nas localidades afectadas “animamos a todas as persoas a que asinen nas mesas que imos a colocar para defender un transporte de calidade” suscitou Rodil.



**CARNICERÍA**  
*Noda*





**TERNERA PAÍS  
RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

**DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA**  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

**ARQUITECTO TÉCNICO**



**OFICINA TÉCNICA  
ARQUITECTURA**  
XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS  
*arquitecto técnico*

**PROYECTOS TÉCNICOS | DIRECCIONES DE OBRA**

**COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD**

**CERTIFICACIONES | INFORMES**

**TRABAJOS TOPOGRÁFICOS**

**ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN**

**URBANISMO**

SARRIA (LUGO)

676 559 980

# Tomé marca como obxectivos consolidar e gañar alcaldías

O PSdeG na provincia o proceso de renovación dos órganos do partido coa constitución do Comité Provincial, no que o Secretario Xeral, José Tomé Roca, marcou uns "obxectivos realistas e ambiciosos", de cara ás eleccións municipais do 2023.

O líder socialista incidiu na súa intervención diante dos militantes que estes obxectivos, "pasan por acadar representación municipal en tódolos concellos da provincia, manter e reforzar as alcaldías actuais, sumar outras novas, manter e mellorar os resultados onde o partido non goberna e asegurar a continuidade dun Goberno de esquerdas e presidido por socialistas na Deputación".

Para iso, explicou, está desenvolvendo un traballo estratéxico, planificado, coordinado, en equipo, en todos os concellos e partidos xudiciais, sobre o terreo, nas agrupacións, nos concellos, co tecido asociativo, para informar e para ser informados, ata chegar a maio de 2023 nas mellores condición e

acadar os mellores resultados.

**ECONOMÍA.** O Secretario Xeral puxo en valor as medidas do Goberno de Pedro Sánchez, para transformar a economía e protexer a maioría social, nuns tempos realmente difíciles, primeiro pola pandemia e agora pola guerra de Putin. "Nada nos pode ser indiferente aos socialistas, estamos obrigados a tomar decisións, valentes e ambiciosas. Sabemos ben quen somos e que queremos, por iso coma sempre, as nosas prioridades son os traballadores e as clases sociais mais desfavorecidas".

Nestes intres, o Goberno de Pedro Sánchez está gobernando para superar esta situación, e ao mesmo tempo para transformar a economía e protexer a maioría social do país. "E faino a través de medidas como as bonificacións de combustibles ou a rebaixa do IVE no consumo eléctrico, ou a recuperación do poder adquisitivo das pensións, coa suba dun 15% para as non contributivas,

e a subida do Ingreso Mínimo Vital. E tamén coas axudas aos autónomos, parados, gandeiros, agricultores así como para os sectores da pesca ou o transporte".

Ademais diso, "aprobamos un novo imposto para as entidades bancarias e as grandes empresas enerxéticas. Becas complementarias, medidas para a limitación nos alugueres. E promovemos a reforma laboral a pesar da crise económica e enerxética para a creación e o mantemento do emprego, con iniciativas como a suba histórica no Salario Mínimo Interprofesional que pasou do 775 euros co PP, aos 1.000 euros actuais". O Secretario Xeral na provincia aludiu ao traballo que se está impulsando dende a Deputación de Lugo para responder ás necesidades da provincia. "Unha política de feitos e realidades afastadas dos xestos populistas do PP. Por unha banda, recuperamos a normalidade institucional, e estamos traballando cun bo ritmo de traballo elevadp e constante".



**AS POLÍTICAS SOCIAIS.** Remarcou que as políticas sociais son as prioritarias na súa folla de ruta "ás que lles adicamos máis dun tercio do orzamento. Outra clave segue sendo a cooperación cos concellos para que poidan ofrecer máis e mellores servizos, así como o apoio incondicional aos sectores produtivos da nosa provincia. E sen esquecer mellorar as nosas vías de comunicación, que son un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación e dinamizar a economía e o emprego e facer competitivo ao territorio". Tomé Roca acusou ao PP de non ter nin unha soa idea para a provincia.

**REPRESENTANTES COMARCAIS.** No que atinxe ás cuestións orgánicas xa están elixidos os novos representantes comarcais. Marta Rey é a nova coordinadora na Mariña; Miguel Ángel Crende en Lugo; Rafael García no Suroeste; Iván Castro na comarca de Sarria; José Luís Losada en Monforte de Lemos; na Comarca da Terra Chá, Constantino García e na Montaña con José Ángel Fernández Carrin. Con estes nomeamentos, o PSdeG afronta unha nova etapa na que seguiremos traballando e defendendo os nosos concellos, tanto no Goberno como na oposición.

# Os concellos súmanse ao proxecto de investigación do cancro da USC

O proxecto Minerais contra o cancro, unha iniciativa promovida conxuntamente por investigadores do Campus de Lugo e do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), fai visible a aposta e o apoio prestado polas distintas administracións locais da provincia á USC a prol da investigación, tal e como puxo de manifesto a profesora na Facultade de Veterinaria e coordinadora desta iniciativa de ciencia solidaria, Marta López Alonso, nun acto de "agra-

decemento" presidido polo reitor Antonio López na Casa do Saber e que contou cunha ampla representación das corporacións locais, ademais do presidente da Deputación. Agradecida pola implicación da práctica totalidade dos concellos da provincia de Lugo nun proxecto pioneiro que pretende achegar novas solucións aos doentes oncolóxicos, a a responsable do grupo de Investigación en Medicina Animal (IME-dA) na Facultade de Veterinaria e

coordinadora de Minerais contra o cancro, Marta López Alonso, reiterou o seu agradecemento a todas as persoas, empresas e entidades que colaboraron con doazóns económicas na campaña de micromecenado desenvolvida desde o pasado 17 de decembro e durante un período de 3 meses na plataforma Precipita da Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía (FECYT).

"Este proxecto serviu para ver como a sociedade luguesa se volcou por



completo cunha modesta iniciativa de I+D, que recadou preto de 55.000 euros, unha contía á que de sumar as achegas económicas prestadas polos concellos da provincia de Lugo, faría de 'Minerais contra o cancro' o proxecto máis apoiado en toda a

historia da plataforma Precipita do Ministerio de Ciencia e Innovación", relatou López Alonso, para, de seguido explicar que o "obxectivo deste proxecto pasa por estudar o efecto que poden ter os minerais nos doentes oncolóxicos".



## CON LA MÚSICA A OTRA PARTE

en septiembre inauguramos NUEVAS INSTALACIONES en Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

ABIERTO PLAZO MATRICULA CURSO 22/23

Pide información o reserva tu horario en el: 687 58 25 59

Sesiones de muestra gratuitas



**DESCUBRE EL MÉTODO MUSICAEDUCA**  
Para aprender música jugando a partir de los 10 meses.

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación instrumental de 5 a 8 años.

**FORMACIÓN MUSICAL**  
Desde 7 hasta 100 años con metodologías activas e innovadoras para todos los instrumentos, individual y colectivas.

Lenguaje musical • Armonía  
Refuerzo conservatorio y preparación de prueba de acceso.

# HEIKO

ESCUELA DE MÚSICA

## Abre o prazo para os préstamos ás explotacións de gando bovino

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde da Consellería do Medio Rural pola que se regula o procedemento de recoñecemento do dereito a préstamos de financiamento de capital circulante a explotacións de gando bovino, con subsidiación dos tipos de xuro por parte da Consellería do Medio Rural. Garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), estes préstamos contarán cun apoio por parte do Goberno galego de 5 millóns de euros, para chegar ata os 25 millóns en empréstimos concedidos, cun máximo de 30.000 euros por explotación.

Cómpre lembrar que se trata dunha

das medidas anunciadas para paliar as consecuencias da alza de prezos derivada da invasión rusa de Ucraína.

Así, os préstamos destinaranse ao financiamento de activo corrente, como o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, alugamentos, leasing, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións ou cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento.

Esta axuda de subsidiación dos tipos de xuro vai ligada a empréstimos a tres anos sen carencia, que poderán acadar un máximo de 1.000 euros por vaca adulta maior de 24 meses para explotacións de vacún de leite e de 300 euros por cabeza para explotacións de vacún de carne, ata un máximo de 30.000 euros por explotación.

## Convocadas as axudas para a defensa sanitaria gandeira

A Consellería do Medio Rural vén de publicar no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución da orde de axudas ás agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG), que na provincia de Lugo suman 1.075.668 euros para distribuír entre 28 entidades. Ademais, a Consellería xa tramitou o pago do anticipo da axuda que poden solicitar as agrupacións, segundo o establecido na orde da convocatoria, que no caso das entidades da provincia de Lugo ten un importe de 475.220 euros.

Este financiamento vai dirixido a mellorar o estado sanitario das explotacións gandeiras mediante a execución de programas zosanitarios comúns destinados á prevención e control de determinadas enfermi-

dades dos animais. Os programas desenvólvense entre o 1 de marzo de 2022 e o 28 de febreiro de 2023.

As achegas distribúense entre agrupacións de toda a provincia, 26 delas de gando bovino e dúas de porcino. A maiores, hai explotacións lucenses que forman parte de ADSG doutras provincias e tamén agrupacións con sede en Lugo que inclúen ganderías doutras áreas de Galicia. No conxunto da Comunidade repártense 2.150.000 euros entre 66 entidades. A maior contía concedida en Lugo -o 97% dos fondos- vai destinada a subvencionar a contratación de servizos técnicos veterinarios para executar os programas sanitarios; e o resto a adquirir o material funxible utilizado no seu desenvolvemento.

## Unha campaña impulsará o consumo da Tenreira Galega

O Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas (IXP) de carne de vacún firmou coa Xunta un convenio para levar a cabo unha campaña de promoción, fomento e difusión da carne de vacún co selo Terneira Gallega Suprema.

A campaña comportará un investimento de 1,4 millóns de euros dos que a Xunta -a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria- aportará a metade. O consello regulador achegará os outros 700.000 euros, entre a aportación asociada ao convenio asinado hoxe e a campaña que presentou á convocatoria de axudas do Goberno galego para a promoción dos selos de calidade.

A campaña de promoción -que se difundirá a nivel nacional en radio, prensa, televisión, redes sociais e puntos de venda- centrarase na categoría Terneira Gallega Suprema dentro da IXP Terneira Gallega, que é a que procede de explotacións tradicionais con vacas nais e con



base territorial. O principal obxectivo é aumentar a sensibilización do público en xeral en relación con esta IXP e co consumo de vacún de calidade diferenciada.

A campaña quere ser un revulsivo diante da difícil situación na que se atopa o sector galego de vacún de carne a causa do incremento dos custos de produción de 2021 que se viu agravado tras a invasión rusa de Ucraína. Trátase, ademais, de poñer en valor a aposta que este eido

fai pola calidade, polo benestar animal, pola biodiversidade, polo medio ambiente e polo territorio.

O sector gandeiro desta comunidade acadou unha facturación no 2021 de 1.409 millóns de euros, xerando un total de 17.503 UTAs ou postos de traballo directos. Deles, 414 millóns corresponden ao sector de vacún de carne que, con 95.600 toneladas sacrificadas no ano pasado en Galicia, representa o 14,11% da produción total de España.

## A CHMS aconsella o aforro de auga debido ao nivel dos encoros

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) indica que no mes de xuño rexistrouse unha precipitación media de 72,7 l/m<sup>2</sup>, un 47 % superior ao valor medio, polo que resultou ser un mes húmido nas concas do Sil e Limia, e moi húmido nas do Miño e Cabe.

A pesar diso, a falta de precipitacións acumulada durante este ano hidrolóxico, iniciado o pasado 1 de outubro, fai que nos atopemos ante o ano hidrolóxico máis seco da serie 1980/81

a 2020/2021, tras o ano 2016/2017, 2004/2005 e 2011/2012 nos que se viviron situacións similares á deste ano.

Por outra banda, os encoros atópanse ao 53,25%, un 23% inferior á media histórica e 9,6% menos que o ano pasado, 63%.

Desde a CHMS instan a un "uso racional do recurso, lembremos que só entre tod@s poderemos facer fronte aos efectos desta seca prolongada" concluiu Quiroga.

## O PSOE reclama á Xunta un protocolo para queimas forestais controladas

A portavoz de Montes do Grupo Socialista, Carmen Rodríguez Dacosta, esixiulle á Consellería de Medio Rural que estableza un protocolo para realizar queimas forestais controladas. A responsable socialista presentou unha proposición non de Lei neste sentido na Comisión do Medio Rural que foi rexeitada polo PP.

Rodríguez Dacosta alertou de que a negativa do PP e o desleixo amosado pola Consellería están a incumprir tanto a normativa estatal como as recomendacións do Comité de Expertos creado con motivo da vaga de lumes de 2017. As conclusións do Comité de Expertos incluían a petición dun plan de queimas prescritas impulsando estas accións preventivas nos distritos forestais fora do período de máximo risco.

Alerta de que cando se poden facer as queimas é precisamente cando o Servizo de Incendios está en precario, dificultando o proceso. Pedeu por iso que a Dirección Xeral de defensa do Monte elabore un programa de desbroces, trituracións e podas en zonas necesarias para viabilidade, acceso, prevención de lumes ou limpeza de perímetros.

Reclaman unha instrución técnica detallada para as queimas prescritas, basicamente "un protocolo que si estableceu o Ministerio, pero non a Consellería do Medio Rural".

# CHAMORREGO

SERVICIO A DOMICILIO

C/ Calvo Sotelo 140, Sarria - Telf: 982 533 664

## OSO BLANCO

LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES

AHORA PUEDES PAGAR CON TU MOVIL

1. Descarga OSO BLANCO LAVANDERÍAS
2. Regístrate
3. Busca la Lavandería

POR CADA RECARGA DE 10€ TE REGALAMOS 1€

Rúa Calvo Sotelo 20  
SARRIA - LUGO

08:00 a 22:30

Rúa Calvo Sotelo 199  
SARRIA - LUGO

08:00 a 22:30

## Reacondicionarán a pista que vai desde Gondrame a Grallás

O concello de O Páramo destina un orzamento de máis de 6.000 euros para o reacondicionamento dunha pista que pasa polas parroquias de Gondrame, Ribas de Miño e Grallás. A mellora deste vial municipal, que da acceso a fincas agrícolas, arrinca na estrada LU-613 para posteriormente continuar cara o núcleo de Grallás. O camiño presenta danos ocasionados principalmente polo tráfico e as condicións meteorolóxicas, segundo recolle o proxecto. A pista carece dun pavimento con regularidade superficial e sofre perdas de material nalgúns puntos. As obras, que afectarán a un total de 1.360 metros, centraránse na limpeza das cunetas, na aplicación dunha capa firme de aglomerado en quente e no pintado da vía. Pertencen a



un plan de mellora de camiños municipais correspondente ao período 2022-2023, impulsado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), organismo dependente da Xunta de Galicia. Os traballos contan cun prazo de

execución de tres meses e terán que estar rematadas por completo para o 15 de maio de 2023. As empresas interesadas, poden presentar as súas ofertas ata as 15.00 horas do 9 de agosto a través do rexistro do concello.

## Iniciado en Friolfe o proceso de concentración parcelaria

O Consello da Xunta acordou impulsar a través da Consellería do Medio Rural avances e novas actuacións de reestruturación parcelaria en Galicia. Así, o Executivo galego prevé decretar un total de 23 novas zonas de concentración ao longo deste ano 2022, que se sumarían ás cinco zonas decretadas o pasado ano 2021. Así, as 23 novas zonas que se decretarán suporán a reorganización de 19.394 hectáreas de superficie, distribuídas en 99.340 parcelas

propiedade de case 14.000 veciños. En canto á súa distribución, 6 destes procesos decretaríanse na provincia da Coruña, 7 na de Lugo, 4 na de Ourense e 6 na provincia de Pontevedra. Estes novos procesos sumaríanse ás cinco parcelarias decretadas o pasado ano, as primeiras desde a entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaríanse 28 novas reestruturacións parcelarias,

que abarcan un total de 23.613 hectáreas e 107.655 parcelas de máis de 15.500 titulares. Na provincia de Lugo, en concreto, está planificado o inicio de novas parcelarias, que xa contan co estudo previo de iniciación finalizado, nos concellos de Abadín (zona de Moncelos), Becerreá (zona de Guilfrei), Castroverde (zona de Riomol), Cospeito (tres zonas en Arcillá, Bestar, Vilar, Siso; en Roás e en Lamas) e O Páramo (zona de Friolfe), en función do estudo previo.

## A Deputación inicia obras en tres estradas



A Deputación comezou as obras de mellora en 13 quilómetros en tres estradas provinciais do Páramo cun investimento de 106.819€. Actúase nas vías LU-P-4203, na LU-P-4305 e LU-P-4306, que dan servizo a varias parroquias.

As actuacións consisten na reparación de desperfectos que presenta a estrada e a pavimentación da vía. Estase traballando na vía que une Pacios con Trebelle, a LU-P-4203, entre os puntos quilométricos 8 e 14. Tamén se mellora a LU-P-4305, que conecta a provincial LU-P-4304 coa parroquia de Moscán, con traballos dende o quilómetro 0 e o 1,426. E a terceira das estradas nas que a Deputación está reparando é a LU-P-4306, dende a vía provincial LU-P-2904 e Santo André de Ribeira, nos primeiros 5,6 quilómetros. O prazo de execución destas obras é de 4 meses, aínda que a previsión é que rematen antes se a meteoroloxía é favorable. Estas actuacións garantirán a seguridade viaria e a comodidade da veciñanza e dos visitantes que se

achegan ata O Páramo.

**17,3M€ Á MELLORA DAS COMUNICACIÓNS.** Deste xeito, a Deputación continúa a mellorar a rede viaria provincial, favorecendo a seguridade, o equilibrio territorial e a calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia de Lugo. O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, salienta a importancia destes traballos e recalca que "a mellora das comunicacións é unha prioridade para o Goberno". Detalla, así mesmo, que "defendemos a mobilidade como un dereito básico da cidadanía porque cremos que unha boa rede de estradas é fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural, porque axuda a fixar poboación e a achegar os servizos". A institución provincial destina 17,3M€ dos seus Orzamentos para o 2022 ás tarefas de mellora do firme, roza de maleza, conservación e mantemento da rede viaria provincial, a máis extensa de todo o Estado e tres veces maior ca da Xunta en Lugo.



# SALUDx10

**PROGRAMAS PERSONALIZADOS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y NUTRICIÓN PARA:**

- Pérdidas de grasa
- Fortalecimiento de todo el cuerpo
- Tratamiento y prevención de problemas de espalda
- Recuperación de una lesión

GRUPOS DE ENTRENAMIENTO AL AIRE LIBRE

1 CLASE GRATIS ¡INFÓRMATE SIN COMPROMISO!

Curros Enríquez, 1 Bajo, Sarria  
www.saludx10.es / info@saludx10.es

985 618 335 | Saludx10 | Saludx10

# Muévete

## a BigMat

viñas

982 530 060  
www.bigmat.es

Facebook | Instagram



BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m<sup>2</sup> de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

P Parking gratuito | Autovía

## O Pleno aproba o cambio de luminarias a LED e a conta xeral

O Pleno debatiu a proposta de solicitar financiación á Deputación para cambiar a iluminación no polideportivo de A Pobra de San Xiao. A intención é incorporar luces led, que reducen o consumo e teñen máis capacidade lumínica. Esta proposta foi ratificada por unanimidade, aínda que os populares aseguran que hai tres anos que eles presentaron unha moción similar para o coidado dos espazos deportivos públicos.

Na orde do día figuraban tamén outras propostas que foron aprobadas. A solicitude de financiamento á consellería de Medio Rural para levar a cabo as obras de mellora do vial que comunica con O Furco dende a estrada de Becerreá (LU-636). Dende o PP afirman que xa realizaron esta petición en varias ocasións, a última hai dous meses, debido ao estado no que se atopaba o tráfico que soporta,

polo que se pedía ao alcalde que a arranxara xa.

En materia económica, houbo discrepancias nalgúns asuntos. A conta xeral de 2021, por un importe de 1,7 millóns de euros foi aprobada por unanimidade, pero non ocorreu o mesmo co pago das obras realizadas antes das últimas eleccións municipais. Segundo indican dende o PP, trátase dunhas facturas antigas, de reformas que cumpriron catro anos de execución e das que non consta a partida presupuestaria.

Os populares solicitaron cambios no tráfico da Rúa Adolfo Suárez de A Pobra de San Xiao. Propoñen que sexa dun solo senso para evitar danos que, segundo dicen, xa se viñeron dando nalgúnhas vivendas. Tamén solicitan a colocación de contedores de aceite usado e a limpeza e o coidado da zona do campo da feira.

## A Deputación apoia na localidade o emprendemento no rural

O deputado de Medio Ambiente, José Luis Raposo Madalena, asistiu no Muvicla á inauguración da incubadora de emprendemento Revolta Rural, impulsada polos GDR Montes e Vales Orientais xunto a Terras de Miranda e Seitura de Ferrol.

O encontro tivo lugar no Museo Vivo e Integrado do Campo e a Locomoción Agraria (Muvicla), en Láncara. Esta cita puxo en común ideas e propostas que permiten a emprendedores e emprendedoras impulsar o rural con proxectos xa existentes ou novas iniciativas.

O proxecto Revolta Rural “é un bo exemplo do que sempre dicimos na Deputación de Lugo. Non existe unha Galicia baleira, senón chea de ideas que só precisan o respaldo das institucións para facerse realidade”, asegurou o deputado, quen incidiu en que dende a institución provincial “reivindicamos políticas de servizos públicos, tanto de sanidade como de educación ou benestar, que axuden a fixar poboación no rural, pero tamén apostamos por respaldar iniciativas relacionadas coa cultura



e coa promoción do coñecemento. Iniciativas que falan do rural dende o rural, que buscan aportación innovadoras dende o coñecemento real”. Precisamente iso, lembrou, foi o que fixo a Deputación cando o impulsor do Muvicla, Marcos Vázquez, “nos presentou a súa idea. Un proxecto de coñecemento deseñado por unha persoa do rural, que coñece o día a día dunha explotación en marcha e que pensa que o futuro do agro tamén pasa por poñer en valor o seu pasado”.

No acto tamén participaron o alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, e o

secretario do GDR – Montes e Vales Orientais e rexedor de Negueira de Muñiz, José Manuel Braña Pereda.

**REVOLTA RURAL.** A incubadora de emprendemento Revolta Rural é un proxecto impulsado por tres GDR de Galicia co apoio de CaixaBank, que busca a captación de talento rural no que 30 proxectos e 40 emprendedores xa están desenvolvendo o seu itinerario empresarial. Esta iniciativa tamén se está replicando en Huesca e Burgos para a posta en marcha dunha gran comunidade de empresas do rural.

## A Festa do Emigrante abriu as citas culturais

A delegación de Cultura do Concello de Láncara vén de organizar distintos actos para estes meses de verán entre os que se atopa a I Festa do Emigrante. As actividades continuarán no mes de agosto con xogos acuáticos o día 6 en A Pobra de San Xiao, localidade que o día 13 albergará tamén a Festa da Troita. Pola súa parte, o día 19 será a Festa da Xuventude cos grupos Beatriz e Punto Clave. Por outra banda, o 26 clausuráranse os campamentos de verán

para nenos cunha festa da espuma e karaoke infantil na capital municipal. Estes campamentos desenvolveranse durante todo o verán, dende o 1 de xullo. O 27 de agosto haberá unha actuación sorpresa, segundo informaron dende o Concello.

E xa en setembro celebráranse os paseos guiados polo municipio, aínda que todavía están por pechar os días. Ese mesmo mes, o 2, terá lugar a Festa da Troita en Láncara, Armea, Muro e Cedrón.

## A biblioteca levará o nome do académico falecido Basilio Losada

Vense de aprobar por unanimidade no pleno de Láncara, a proposta de modificación da denominación da biblioteca pública, que pasará a levar o nome de Basilio Losada. O intelectual, finado recentemente, era fillo predilecto do municipio, e con esta acción preténdese render unha homenaxe á súa traxectoria e ao seu vínculo coa localidade lancareña.

Basilio Losada (Láncara, 20 de xuño de 1930 – Barcelona, 9 de xullo de 2022) era tradutor, investigador e docente. Emigrante en Cataluña dende cativo, foi primeiro catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universitat de Barcelona e referencia obrigada da cultura galega en Cataluña desde os anos 60. Dende alí realizou un destacado labor de animador cultural, tanto dentro como fóra das aulas, e exerceu de auténtico embaixador da lingua e a cultura galegas en Cataluña e, por extensión, en gran parte de España e Latinoamérica.

Como tradutor, Basilio Losada contribuíu á proxección das letras galegas fóra de Galicia vertendo ao castelán a autores como Xohana Torres, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou Uxío Novoneyra, entre moitos ou-



tros. Poetas gallegos de posguerra (1971), Poetas gallegos contemporáneos (1972) e Poetas gallegos de hoy (1990), publicados en edicións bilingües son algúns exemplos deste labor. Destacan tamén as súas traducións de voces poéticas catalás ao galego e de clásicos e contemporáneos do mundo lusófono ao castelán, contribución que lle valeu, en 1991, o Premio Nacional de Tradución por Memorial do convento de José Saramago.

Basilio Losada deixa ademais un importante legado como investigador e divulgador das letras galegas, por-

tuguesas e brasileiras. Mestre apreciado polas xeracións de filólogos que se formaron xunto a el, mereceu tamén o recoñecemento de institucións do ámbito catalán, galego e lusófono. A Generalitat de Cataluña concedeuulle a Creu de Sant Jordi, en Brasil recibiu a Orde do Cruzeiro do Sul; en Portugal, a Comenda da Orde do Infante don Henrique; e en Galicia, a Medalla Castelao e o Premio Otero Pedrayo. No ano 2015 ingresou na Real Academia Galega como académico de honra cun discurso titulado Reflexións sobre as primeiras novelas de Rosalía de Castro.



# Inaugurada en Lánacara a casa museo da familia paterna de Raúl e Fidel Castro

Inaugurouse en Lánacara a casa museo Ángel Castro e Centro de Interpretación da Emigración Galega, unhas instalacións que supuxeron a recuperación da casa natal do pai de Fidel Castro e que contaron co apoio do concello de Lánacara, Deputación Provincial de Lugo e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) na provincia, así como coa colaboración dende Cuba do Instituto Cubano de Amizade cos Pobos (ICAP), a Oficina do Historiador da Cidade da Habana e empresas coma o Grupo Urbas. No acto de inauguración participou o embaixador extraordinario e plenipotenciario de Cuba en España, Marcelino Medina González, así coma diferentes descendentes de Ángel Castro Argiz.

Os actos de inauguración tanto da casa museo como da praza cívica de Lánacara, coinciden coa conmemoración do trinta aniversario da visita de Fidel Castro á casa natal do seu pai. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, participou na inauguración da Casa Museo Ángel



Castro e Centro de Interpretación da Emigración Galega en Cuba, un acto no que se mostrou convencido de que este equipamento "servirá para conservar a nosa historia conxunta e xerar novas ideas de cara ao futuro que fortalezan a tupida rede de lazos económicos e afectivos que trazou a emigración lucense e galega, e que segue unindo aos nosos respectivos pobos".

O presidente subliñou que a Deputación de Lugo pon en valor a cultura

do rural e impulsa os equipamentos culturais no rural, "porque a cultura ten un valor en si mesma, pero é tamén un factor esencial para o desenvolvemento económico do noso territorio e un elemento clave nas políticas fronte ao reto demográfico". "Para frear o despoboamento, debemos actuar dun modo transversal, atendendo aos factores demográficos, fomentar o emprego e a actividade económica, e, por suposto, garantindo uns servizos públicos

básicos, en materia de sanidade, de educación, de atención á terceira idade ou de dependencia, que sexan próximos, universais e de calidade", asegurou o mandatario provincial.

Sen embargo, explicou, "para manterse vivo, o rural necesita tamén integrarse nos circuitos culturais, con centros de interese, como esta Casa Museo, que manteñan viva a memoria, que estimulen o orgullo de pertenza e que actúen como un punto de atracción de ese turismo que cada vez aporta un maior valor social e económico ao noso rural".

José Tomé sinalou que todos os museos teñen o seu propio carácter, "pero este é, sen dúbida, un museo especial, porque Cuba ocupa un lugar especial no corazón dos lucenses, e dos galegos e galegas". "Sabemos que ao longo do século XX chegaron a Cuba uns 378.000 galegos e galegas, o que representa o 45% da emigración española á illa nese período, e Lugo foi a provincia galega que maior capital humano aportou", lembrou.

## A música celta chega á Pobra de San Xiao da man de Luar na Lubre

A localidade de A Pobra de San Xiao, no municipio de Lánacara, poderá desfrutar da música de Luar na Lubre grazas a unha actuación organizada pola área de cultura do concello, que terá lugar o vindeiro sábado 27 ás 22.30 horas na praza dos Labregos.

O grupo, considerado como un dos maiores representantes da cultura folk de Galicia, pode presumir de levar máis de tres décadas en activo, cun total de 19 discos publicados e ata 40 países percorridos grazas a tódalas súas xiras.

**ORIXES.** No ano 1985 nace Luar na Lubre na cidade de A Coruña converténdose co paso dos anos nunha das formacións máis prometedoras e referenciais da música feita en Galicia. Partindo da enriquecedora cultura galega, Luar na Lubre inspira o seu proxecto nas músicas tradicionais, entroncándose nas correntes da música folk europea e, en particular, na órbita das denominadas músicas atlánticas ou célticas.

Dende o seu nacemento o proxecto Luar na Lubre baseouse nas músicas de raíz galega polo que han dedicaron especial atención ao estudo dos diferentes cancioneros galegos

tanto da tradición como da lírica medieval. Así mesmo, os traballos de campo e recolleita proporcionaron un valioso fondo documental así como un importante coñecemento da realidade musical galega que tamén se revela determinante nas súas composicións propias.



**ESTRADAS.** O Grupo Municipal do PP de Lánacara reitera unha vez máis a necesidade de arranxar a pista municipal que une a estrada autonómica LU-633 coa aldea do Furco e que dá servizo aos lugares de Villarín, A Seara, A Cortella e O Furco, na parroquia de Cedrón.

**mybike Lugo**

VISITA NUESTRA WEB: [www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

Rúa María Barbeito 2. Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

**CLÍNICA PODOLÓGICA maitelópezalonso**

ESPECIALIZADOS EN

**Podología Deportiva, Infantil**  
(Estudios Biomecánicos y posturales con análisis informatizados de la pisada en la marcha y la carrera)

**Quirocirugías y Quiropodias**  
(uña encarnada, helomas, papilomas)

**Ortonixia** (corrección y reeducación de uñas encarnadas)

C/ Rosalía de Castro 3, Entlo A  
Puebla de San Julián\_Lugo Frente al centro médico  
C 982 543 978 - 688 901 978  
[maitelopez@yahoo.es](mailto:maitelopez@yahoo.es)

Nº R.S.C: 27-000688  
Nº Colegiado: 838270828

## Continúa o programa cultural de verán



O municipio de Lánacara está a levar a cabo numerosas iniciativas coas que pasalo ben e desfrutar deste verán.

Aínda que xa comezaron en xullo con actuacións de Duende Circo e cun monólogo de Marta Doviro, continuarán durante este mes de agosto.

Xa o domingo 7 terá lugar unha FestiMalla organizada por Abril Folk, o seguinte domingo, o día 14, haberá distintos xogos tradicionais cos que desfrutarán maiores e mozos, e o luns 15, día de Santa María, haberá unha actividade de piragüismo polo río Neira.

O sábado 20 de agosto será a quenda do concerto de Nerea Sound Sister, e o día 21 a representación dunha obra de teatro, aínda por confirmar cal será.

Xa por último, porá o broce final desta programación estival a búsqueda dun tesouro que porá o sábado 27 de agosto.

Todas estas actividades están organizadas pola Asociación Cultural Val de Lánacara, unha asociación cultural creada no ano 1992 coa finalidade de organizar actividades de cultura e ocio para os veciños do municipio de Lánacara.

## A contorna do muíño de Saa sufrirá unha nova rehabilitación



O acondicionamento do muíño de Saa, na parroquia de San Pedro do Incio, será levado a cabo polo concello deste municipio. Nun primeiro momento, tivo lugar unha reforma na cuberta da construción e agora, é a quenda das obras que suporán unha mellora no entorno, no acceso e na renovación das carpinterías.

O muíño, cuxos traballos serán financiados pola Axencia Turismo de Galicia, cun presuposto que roldará os 18.000 euros, foi cedido por uns veciños á administración municipal.

A iniciativa, enmárcase dentro dunha liña de axudas para proxectos de mellora de infraestruturas turísticas dirixida a municipios de menos de 10.000 habitantes e o que se busca tal e como explica o alcalde, Héctor Corujo, "é dar continuidade ás actuacións iniciadas no pasado ano nestas instalacións loca-

lizadas no río Mao".

**INTERIOR.** En 2023 espera poder levarse a cabo unha terceira e última fase e poder acondicionar o interior do muíño, onde se conserva toda a maquinaria. O obxectivo é que as instalacións poidan ser visitadas e os veciños e turistas poidan coñecer así o seu funcionamento.

O inmoble está preto da área recreativa de Saa e dos muíños de Triacastro. Por isto, á administración local gustaríalle habilitar nun futuro unha ruta que enlace estes dous puntos, así coma cun área recreativa. Na zona, a uns 400 metros da construción de Saa, tamén se atopa a cascada coñecida como de San Pedro.

Este proxecto axudaría a dar a coñecer este espazo, de elevada riqueza paisaxística e patrimonial, situado en Rede Natura.

## O PSOE di que o servizo de pediatría precisa un reforzo

O grupo municipal PSOE de O Incio presentou no último pleno unha moción de urxencia para solicitar o reforzo no servizo de pediatría do centro de saúde de Sarria.

Os socialistas, demandan á Consellería de Sanidade que se garanta este posto que dá servizo aos nenos e nenas da vila de Sarria pero tamén aos doutros municipios como é o caso de O Incio. Denuncian que, ante a falta de especialistas, os menores son a miúdo atendidos por un médico de familia ou directamente derivados ao hospital de Lugo.

Os socialistas tamén solicitan ao goberno local que se estude a posibilidade de subministrar auga municipal ás explotacións gandeiras dos veci-

ños que, debido ás altas temperaturas das últimas semanas, poden ter que afrontar situacións nas que non dispoñan de auga nos pozos.

A maiores, tamén fan fincapé no mal estado da estrada municipal que vai dende o núcleo de Castillón ata o de Reboiro, pedindo ao goberno que se arranxen as fochancas do trazado coa maior brevidade posible.

O grupo socialista solicitou tamén información sobre o estado de tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), da segunda brigada contra os incendios, da solicitude de axudas aos Plans de Recuperación, Transformacións e Resiliencia (PRTR), e do lavado dos contedores de lixo do concello.

## Sés únese ao Festival Terra Brava

Dende a organización do Festival Terra Brava do Incio, confirmouse que para esta edición que se celebrará o vindeiro 13 de agosto, únese a cantante coruñesa Sés.

O Incio recupera tras dous anos de parón este festival de música tradicional e popular contou nas súas anteriores edicións con sesión vermú, almuerzo popular, actividades para nenos e, a noite, concertos de grupos tradicionais galegos.

Terra Brava é o festival de música máis antigo da comarca de Sarria. A última das súas edicións cambiou a súa localización tendo lugar nunha carballeira na estrada do Incio a Óutara.

O primeiro grupo confirmado foi Ruxe Ruxe, un grupo de música galega formado en Aríns en 1996. A súa música é rock combinada con sons tradicionais galegos, empregando



instrumentos como gaitas e saxofóns cunha actitude punk. As súas letras son en galego e teñen unha temática moi variada na que predominan os textos costumbristas, sociais e o realismo máxico.

A segunda confirmación foi a banda Andoa que toca música folklórica atlántica, irlandesa, escocesa, galega, etc. O grupo está composto por Ricardo Mouriño, Iago Boente e Roi Adrio. Teñen unha ampla traxectoria no mundo da música tradicional, así coma noutros xéneros que van dende o reggae ata o jazz.

A última confirmación dende a organización do festival foi Dios Ke Te Crew, unha banda que naceu en Ordes no ano 2003, froito da unión de compoñentes de dous coñecidos grupos de rap en Galicia, 5Talegos e Ghamberros. Despois de realizar multitude de actuacións, no 2006 sae á luz o primeiro LP do grupo, "Xénese", considerado un dos traballos máis influentes da escena musical galega e pedra angular do hip hop feito en galego.

## O Incio e Andújar, dous concellos unidos pola figura de San Eufrasio

Arredor de 100 mozos procedentes de Xaén visitaron o concello e acudiron a unha misa na parroquia de Santa María de Val de Mao, no Incio.

O irmandamento entre estes dous concellos, produciuse a mediados da década dos 90 pero non foi ata o de agora, cando retomaron o contacto grazas a unha misa celebrada no lugar onde se atopa o santuario cos restos do varón apostólico San Eufrasio, e onde estiveron presentes arredor de 100 mozos e mozas.

A visita levouse a cabo a raíz da Peregrinación Europea dos Mozos (PEI), na que a diocese de Xaén está presente. Ao igual que o resto de organizacións relixiosas participantes

no evento, que decidiron realizar o Camiño e aproveitar para achegarse a O Incio para que a expedición coñecera o lugar co que gardan esa estreita relación relixiosa.

Os xienenses chegaron primeiro ao concello de Samos, onde visitaron o mosteiro, e posteriormente trasladáronse ata O Incio para pasar a noite no pavillón do concello. Ao día seguinte continuaron a andaina cara Santiago de Compostela. Unha vez rematado o Camiño, teñen previsto prolongar a súa estada na comunidade durante cinco días máis.

**OS COMEZOS.** A relación que manteñen o concello de O Incio e Andújar remóntase ao século VIII. Os restos

de San Eufrasio, tras ser decapitado na cidade andaluza, chegaron ata os monxes do mosteiro de Samos e estes, ao considerar Val do Mao como un lugar máis seguro, depositárono definitivamente na parroquia.

A mediados da década de 1990 foi cando se produxo o primeiro achegamento institucional entre ambos municipios, que os levou á irmandade. A partir de aí, a amizade de ambos territorios derivou en visitas e intercambios de representantes políticos e da Irmandade de San Eufrasio de Xaén.

Ademais, veciños incienses tamén se desprazaron ata a cidade andaluza e expedicións procedentes de Andújar acudiron ao Val do Mao.

## Farán unha pista multideporte no colexio Ricardo Gasset

A Xunta aprobou a implantación de 12 polos creativos e a execución de 12 pistas multideporte que estreirán o vindeiro curso escolar colexios e institutos repartidos por toda a provincia. No caso das pistas multideporte, a provincia recibiu achegas por case 800.000 euros (778.700 euros) a 12 concellos -en toda Galicia son 33 - para a dotación e mellora destas instalacións en centros educativos dos seus res-



pectivos termos municipais. Así, ao abeiro desta convocatoria de axudas contarán este tipo de instalacións para a práctica de varios deportes os CEIP Concepción López

Rei de Baleira; Virxe do Corpiño de Begonte; CEIP Lagostelle de Guitiriz; Rosalía de Castro de Pol; Rosalía de Castro de Bóveda; Santa María do Valadouro; O Cantel de Foz; Celso Currás de Trabada; CEIP do Corgo; Ricardo Gasset do Incio; CEIP do Páramo e CEIP de Palas de Rei.

É a primeira acción deste tipo que se pon en marcha en Galicia e a Xunta financia ata o 85% do custo destas infraestruturas.



## samos

## Nova edición da Feira do Turismo e do Peregrino

O sábado 7 de agosto chega ao concello de Samos a IV Feira do Turismo e do Peregrino, o festexo será no campo da festa.

Así pois, a xornada contará con actuacións de música tradicional e actividades promocionando o ano Xacobeo. Pola mañá terá lugar a Festa de Convivencia cos Nossos Maiores cun pasarrúas e unha charanga, a partir das 11.30 horas.

Ás 12.30 horas será a quenda de Antonio Barros, quen dará un concerto para tódolos asistentes. E pola tarde o público bailará de novo a ritmo de charanga.

Haberá tamén unha exposición de



artesáns con distintos postos.

Así pois, remata desta maneira unha festa diferente, con bo ambiente e con actividades e espectáculos para poder coñecer e desfrutar da vila de Samos.

## A biblioteca municipal sufrirá unha reforma

Debido ao estado no que se atopan as súas instalacións, o concello de Samos decidiu remodelar o interior da súa biblioteca centrándose na mellora do teito, das paredes e do pavimento.

Para os traballos de remodelación, nos que se espera invertir arredor duns 48.000 euros, o concello vén de percibir unha subvención de 26.997 euros da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dunha liña de axudas dirixida ao equipamento e a mellora de instalacións e locais empregados para a organización de actividades culturais. A contía restante terá que ser aportada pola administración local. O concello costeará ademais o proxecto e a di-

rección de obra. Os traballos suporán a mellora da sala da biblioteca e a construción duns aseos. En concreto, a actuación incluírá a reparación das paredes, a instalación dun falso teito e a renovación do pavimento. Ademais, na planta baixa serán acondicionados uns aseos, para os que se adecuarán unhas escaleiras en madeira e metal.

O inmoble, que se atopa en pleno centro da localidade de Samos, poderá prestar outros servizos aos veciños como servir para a celebración de reunións e outras actividades.

O concello está pendente da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio para executar as obras. A actuación sairá a licitación unha vez que se conte co permiso deste organismo.

## O PP denuncia o mal estado das estradas

O Partido Popular presentou unha serie de rogos sobre deficiencias existentes en varios núcleos do concello. Un dos máis afectados é Santalla, onde existen algunhas estradas que os populares definen como intransitables. Son as que unen o núcleo con Gamiz, Trascastro e co camiño público de Valosuro.

No caso de Gamiz, o Partido Popular expón que a vía pública municipal atópase nun estado de importante deterioro polas características que presenta. Trátase dun punto no que existe unha curva moi pronunciada e na que se producen desbordes de augas pluviais.






**Tel. 982 530 021**

**SERVICIO A DOMICILIO**

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

## triacastela

## Dan comezo na Cova Eirós as novas escavacións da USC

Os traballos na gruta de Triacastela, financiados pola consellería de Cultura, contarán coa presenza dun equipo de doce especialistas da USC e seguirán nos niveis do Paleolítico Medio. A campaña de escavacións na Cova Eirós, en Triacastela, comezará arredor do día 8 deste mes e os traballos prolongaranse dúas semanas ata o día 21.

As actuacións, financiadas un ano máis pola consellería de Cultura, continuarán onde se deixaron o ano pasado, nos niveis do Paleolítico Medio. Os equipos estarán formados por doce persoas, entre as que se atopan estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

A Cova Eirós situada en Triacastela, é unha xoia da prehistoria de Galicia. Nela pódense atopar indicios da orixe da humanidade, do oso das cavernas e a primeira mostra de arte rupestre en Galicia que fan deste lu-



gar un enclave único.

O valor de Cova Eirós abarca moitos ámbitos científicos, dende o histórico ata o antropológico, biolóxico ou artístico. No seu interior atópanse vestixios de lumes de hai máis de 180.000 anos. Ademais, é a única cova da que se coñece a ocupación continuada do Homo Sapiens e o

Homo Neanderthalensis.

Estes rastros, xunto ás mostras de arte rupestre, que tamén son as máis antigas atopadas en Galicia, supoñen unha mostra histórica das orixes da humanidade. Por outra banda, a cova é un dos xacementos paleontolóxicos máis relevantes no estudo do oso das cavernas a nivel europeo.

Da man destas escavacións, este ano introducirase como novidade, un curso de verán no que participará tamén a Universidade de Santiago de Compostela e que se centrará nos neandertais, que tanta información aportaron aos investigadores en Eirós. A actividade será en Folgoso do Courel.

Este programa dá continuación ás xornadas que xa se organizaron en Triacastela no ano 2007, agora con outro curso monográfico ao que acudirán persoas de tódalas partes da península e tamén de Portugal.

## paradela

## Continúan as actividades de verán

O Concello de Paradela continúa co programa de actividades para este verán e faíno organizando catro viaxes á praia durante o mes de agosto. O primeiro deles producirase este xoves día 4 e será a Boiro. Posteriormente o 11 haberá unha viaxe a Ares, o xoves 18 a Viveiro e finalmente, o 25 rematarán as actividades cun desprazamento a Foz.

Tódalas saídas serán ás 09.00 horas

diante do mercado gandeiro, a excepción da viaxe deste xoves a Boiro que será ás 08.00 horas.

O prezo varía en función da idade e o lugar de residencia. As persoas de 14 anos ou menos empadroadas no concello poderán viaxar gratis, mentres que os maiores desta idade pagarán 7 euros.

As persoas menores de 15 anos e non empadroadas en Paradela, te-

rán que abonar 6 euros, e a cota a partir dos 14 anos será de 12 euros. A actividade non inclúe a comida e, durante a viaxe en autobús, o uso da máscara será obrigatorio.

As persoas interesadas en participar deberán anotarse no consistorio ou a través do seguinte teléfono 982 541 101. A inscrición terá que realizarse antes das 14.00 horas do día anterior á viaxe.



Paseo do Malecón, 10  
27600 Sarria- Lugo  
Telf. 982 530 454

[www.morenoinmobiliaria.com](http://www.morenoinmobiliaria.com)

# DEPUTACIÓN

## O Goberno da Deputación fai balance dos tres anos de mandato

“Recuperamos a normalidade para a institución, en canto á imaxe e o funcionamento, cunha fórmula que ten tres elementos básicos: temos un proxecto ben definido, que responde ás necesidades e aproveita as potencialidades da provincia de Lugo; levamos un ritmo de xestión e de execución constante e moi elevado; e traballamos, todos os días, para sacar adiante unha política de feitos que mellore a vida dos veciños e veciñas de todos os concellos”. Así explicou o balance dos tres anos de mandato do Goberno provincial a voceira socialista do Executivo, Pilar García Porto.

A deputada incidiu en que o Goberno vén desenvolvendo dende o ano 2019 “un proxecto claro” definido polo presidente, José Tomé Roca, que xira en torno a catro liñas de actuación prioritarias: as políticas sociais, que concentran máis dun terzo do Orzamento total da Deputación,

“por convencemento, pero tamén porque nos vemos na obriga de suplir a ausencia da Xunta de Galicia en moitos ámbitos, como pode ser o da atención ós nosos maiores”; a cooperación cos concellos, “que é a auténtica razón de ser desta institución, cooperar cos 67 concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos ós seus veciños e veciñas; o apoio aos sectores produtivos, “nomeadamente ao sector primario, que é fundamental para a provincia de Lugo, e o turístico, cun tremendo potencial para impulsar o desenvolvemento do noso rural”, e a mobilidade, “un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación, dinamizar a economía e o emprego, e, polo tanto, para facer competitivo un territorio”.

Este proxecto de provincia, “claro, ben definido e argumentado”, sae adiante grazas “ao compromiso e a capacidade do equipo de goberno e,

por suposto, contando co gran traballo de todo o persoal da institución, na que temos equipos profesionais cualificados, competentes e comprometidos co servizo público”, subliñou a voceira socialista.

De feito, recalcou, “ter claras as prioridades permitiunos reaccionar mellor ante situacións adversas como as que provocou a pandemia da Covid-19”. A modo de exemplos, lembrou que, “ao ter en marcha o sistema do Plan Único, foi máis doado poñer a disposición dos concellos recursos económicos para axudarlles a afrontar os gastos extra que supuxo a Covid; o noso modelo de residencias –público, centrado nas persoas e de pequenos centros- foi determinante para que a incidencia da enfermidade entre os nosos usuarios e usuarias fose mínima; e, como xa facíamos antes da pandemia, escoitamos e colaboramos cos sectores produtivos para sacar



adiante medidas que aliviase e que lles axudasen a amortiguar o impacto da crise”.

**O GOBERNO DO ESTADO.** Así mesmo, a deputada subliñou que neste tempo “sentimos que o Goberno do Estado volveu a apostar polas políticas sociais que benefician directamente ós lucenses, como foi, entre moitas outras medidas, a vinculación da subida das pensións ao IPC, e que volveu a situar á nosa provincia no mapa das infraestruturas do país, subindo o investimento e desblo-

queando proxectos paralizados durante os anos de Rajoy en Madrid”. Sen embargo, e “lamentablemente”, asegurou a deputada, nestes tres anos de mandato “sufrimos a falta de ideas da oposición nesta institución, e a inacción e o castigo da Xunta á nosa provincia”.

Pilar García Porto afirmou que o PP “carece dun proxecto para a provincia de Lugo” e “fai un seguidismo das directrices da Xunta que o limitou a unha postura pasiva, sumisa e afastada da realidade e das necesidades dos nosos veciños e veciñas”.

### Levarán actuacións de bandas e corais por toda a provincia

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha Tradigalu, un programa de promoción e difusión da música tradicional e popular que espallará máis de 150 de grupos tradicionais, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A vicepresidenta da Deputación Maite Ferreiro explicou que con esta iniciativa mantemos o apoio a estas agrupacións musicais que, ademais de conservar e difundir a música tradicional cos seus repertorios e actuacións, desenvolven unha importante labor formativa impartindo clases de música e de baile e dinamizando as parroquias e concellos”.

O programa conta cun orzamento de 150.000 euros e mantén os obxectivos do Musiqueando, adaptándose á actualización da interpretación da normativa sobre subvencións. Así, ademais de xenerar unha actividade que repercute economicamente nas agrupacións musicais, a área de Cultura complementará as programacións que ofrecen asociacións, concellos e demais axentes culturais. Maite Ferreiro solicitou a colaboración das asociacións culturais para poder achegar a tradición musical a todo o territorio, poñendo a súa disposición o enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal

## Fondos europeos de apoio gratuíto ás pemes

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de medio millón de euros que conseguiu captar de fondos europeos para desenvolver o proxecto Acelera pemes, unha iniciativa destinada a fortalecer o tecido empresarial da provincia, sobre todo do rural. Así o informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que explicou que grazas a este investimento, a Deputación ofrecerá apoio e asesoramento gratuíto ás pequenas e medianas empresas en materia de transformación dixital.

García Porto anunciou que a entidade pública empresarial Red.es, dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, comunicou a súa decisión de conceder á Deputación a totalidade dos fondos que lle solicitara no mes de febreiro para sacar adiante este proxecto. Unha axuda que ascende a 400.000€ e que a Deputación complementará con outros 100.000€ para poder desenvolver este programa.

Asegurou Pilar García Porto que o asesoramento ás pemes “será totalmente gratuíto para as empresas, e será personalizado, é di-



cir, adaptarse ás características e necesidades de cada negocio para que, desta forma, lles sexa realmente útil”.

Este proxecto contempla unha oficina de asesoramento que terá unha sede física nas dependencias da Deputación; unha sede virtual e, a maiores, terá presenza en todo o territorio a través dunha rede de cinco oficinas móbiles: na Mariña, na Chaira, na zona centro, na Montaña e na Zona Sur para ofrecer unha atención próxima e eficaz.

O programa desenvolverase en 3 fases: a primeira será de difusión do proxecto, para chegar ao máximo número posible de empresas; outra para implantar a rede de aceleradoras; e unha terceira fase para xestionar o servizo.

## O prezo da auga e a atención primaria, temas do último Pleno

A Deputación insta á Xunta a garantir que a entrada en vigor da Lei de Mellora Integral do Ciclo da Auga, aprobada o pasado mes de xuño no Parlamento en solitario polo Partido Popular, non se traducirá nun incremento do prezo que pagan os fogares lucenses e galegos por un servizo básico. Así se acordou no Pleno ordinario da Corporación Provincial do mes de xullo, a raíz dunha proposta presentada polo Grupo Socialista.

Pilar García Porto sinalou que na súa redacción actual, a nova lei aproba polo PP “suporá unha suba media dun 61% no recibo anual dos fogares galegos, que subirá de 53 a 86€ coa creación de tres novos impostos: o canon de xestión de depuradoras, o de xestión de colectores e o de xestión de abastecementos, polos que a Xunta prevé na memoria económica da propia normativa recadar 50M€ máis ao ano. Un verdadeiro sablazo fiscal que chega no peor momento para os concellos e para a poboación pola crise económica”.

A institución provincial tamén urxe ao Goberno galego a que deseñe un plan estratéxico consensuado coa FEGAMP para determinar as infraestruturas necesarias, o financiamento das obras e os prazos de execución. Fronte á actual proposta da Xunta, que carga aos concellos co 30% do

financiamento das novas obras de abastecemento e saneamento, a Deputación reclama que estas infraestruturas opten aos fondos Next Generation.

**ATENCIÓN PRIMARIA.** Por outra banda, a Deputación de Lugo demanda á Xunta de Galicia que resolva as deficiencias do sistema sanitario “diante do panorama desolador e da situación caótica da Atención Primaria na provincia de Lugo, que a Xunta ten baixo mínimos”.

Desde a institución provincial demandan que se adopten medidas inmediatas, “como por exemplo unha convocatoria extraordinaria de especialistas en medicina de familia, para resolver as deficiencias xeradas no sistema sanitario, sobre todo durante o verán na nosa provincia”.

A Deputada lembrou as constantes declaracións públicas das asociacións e colectivos do eido sanitario sobre a situación actual de recortes e peches na provincia e na comunidade autónoma, “e que son desprezadas constantemente polo Goberno do PP”. “Non sei como non se poñen colorados coa sanidade en precario que defenden. Debería darlles vergoña apoiar un modelo que está rachando coa universalidade do noso sistema sanitario”, dixo.

# LETRAS GALEGAS

## Homenaxe a Francisco Fernández del Riego

### O escritor laurentino será o protagonista das Letras Galegas do próximo ano

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010).

O Pleno da institución acordou homenaxealo o vindeiro 17 de maio, cadrando coa celebración do sesenta aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do que foi inspirador, e os cento dez anos do seu nacemento. Membro da nova xeración de intelectuais que lle deron continuidade ao ideario do Grupo Nós, Francisco Fernández del Riego foi un loitador cultural incansable que chegou a se converter nunha auténtica institución do país, respectado por todos e aberto ás diversas manifestacións do galeguismo.

Foi unha das figuras centrais do galeguismo progresista e clave da resistencia no exilio interior durante o franquismo, cunha traxectoria polifacética e prolífica que abrangueu dende a política, a creación e crítica literaria á edición. A comezos dos anos 50 foi un dos fundadores da Editorial Galaxia, empresa que desempeñou un papel central na resistencia cultural de Galicia durante o franquismo, e na última etapa da vida presidiu a Real Academia Galega (1997-2001).

Francisco Fernández del Riego ingresou como membro de número da RAG no ano 1960. Tres anos despois, a institución dedicáballe a Rosalía de Castro, no centenario de Cantares Gallegos, o primeiro Día das Letras Galegas, unha proposta que, co apoio das sinaturas dos académicos Ferro Couselo e Gómez Román, presentara ao pleno aquel novo académico cheo de arelas renovadoras, que contaba xa cunha sólida historia de compromiso coa lingua e a cultu-

ra galegas e a modernidade. Demostráralo con claridade dende os seus anos de estudante en Santiago de Compostela durante a II República. Con só 20 anos, os seus compañeiros elixíranlo para pronunciar o discurso de representación do alumnado na inauguración oficial do curso 1933-1934, no que demandaba unha universidade foco de modernización e galeguización da sociedade.

Fóra das aulas, fora membro do Partido Galeguista, secretario xeral da Federación de Mocidades Galeguista e, posteriormente, parte do Seminario de Estudos Galegos. Na etapa compostelá comezou tamén a escribir nos xornais como articulista, redactou manifestos, pronunciou discursos e conferencias, participou na constitución de Galeuzca e integrouse dende o primeiro momento na comisión encargada de redactar o proxecto do Estatuto de Galicia. A súa actividade foi tal que Ramón Piñeiro chegou a cualificar a súa voz como “unha das manifestacións máis vibrantes do pensamento galeguista daqueles anos”.

#### PONTE ENTRE INTERIOR E MAR.

Como moitos outros compañeiros, Francisco Fernández del Riego sería pouco despois represaliado polos golpistas. Foi destituído como profesor de Dereito Civil da USC e tivo que abandonar Santiago de Compostela e instalarse en Vigo, onde era menos coñecido, e sobrevivir dando clases particulares. Despois dos anos máis escuros da posguerra, nos que mesmo tivo que ocultar o seu verdadeiro nome para gañar a vida, comezou de novo a escribir co pseudónimo de Salvador Lorenzana no xornal compostelán La Noche. Dende esta



cabeceira, xunto a Ramón Otero Pedrayo, conseguiu que os temas sobre Galicia e a súa cultura acadasen cada vez unha maior presenza e proxección, atraendo canda eles plumas ata daquela caladas coma as de Florentino López Cuevillas, Valentín Paz Andrade, Vicente Risco, Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro e os irmáns Álvarez Blázquez.

Pero tan salientable ou máis foi o seu labor de ponte entre a Galicia do interior e a do alén mar. A súa correspondencia con Luís Seoane mostra como o seu talante aberto e dialogante, xunto coa súa autoridade intelectual e inquebrantable entusiasmo, conseguiron manter vivo un fío de entendemento entre eses dous xeitos de vivir a galegitude. En América foi onde publicou tamén o seu primeiro libro, *Cos ollos do noso espírito* (Buenos Aires, 1949).

Na década dos 50 do século pasado participou nos diferentes proxectos que procuraban a recuperación do proceso cultural de Galicia, nomeadamente na creación da Editorial Galaxia, da que foi secretario do consello de administración e máis tarde director xerente, e dende a que animou a novos escritores a crearen en galego. Foi tamén cofundador da revista *Grial* (1951) e da Fundación

Penzol (1964), da que acabou sendo director ata o seu pasamento.

Cando os grupos nacionalistas e resistentes antifranquistas máis novos comezaron a manifestar o seu rexeitamento ás posicións do galeguismo histórico, Fernández del Riego foi, unha vez máis, o que tentou manter canles de diálogo e achegamento.

O seu nomeamento en 1997 como presidente da Real Academia Galega significou un cambio radical nas actividades desta institución, que se reactivaron significativamente e, sobre todo, se axeitaron aos novos tempos que estaban a vivir Galicia e o mundo.


A súa obra escrita, que tocou case todos os xéneros, foi inmensa, comezando polas súas colaboracións en practicamente todos os xornais de Galicia e nas revistas máis representativas do interior e da diáspora. Posiblemente o seu número, aínda sen catalogar, supere o milleiro de artigos.

Participou en numerosos libros, propios ou colectivos, nos que acotío asinaba cos pseudónimos Salvador Lorenzana, Cosme Barreiros, Adrián Solovio ou Adrián Soutelo. No eido do ensaio, case sempre sobre a produción literaria galega, asinou, entre outros títulos, *Galicia no espello* (Buenos Aires, 1954), *Historia*

de la literatura Gallega (Vigo, 1951), *Escolma de poesía galega*. Os contemporáneos (Vigo, 1955), *Escolma de poesía galega*. O século XIX (Vigo, 1957), *Letras do noso tempo* (Vigo, 1974), *Diccionario de escritores galegos* (Sada, 1990) ou *Sinais dunha cultura* (Pontevedra, 2003).

A literatura de viaxes é outro xénero que cultivou en volumes como *As peregrinacións xacobeas* (A Coruña, 1983), *A pegada das viaxes* (Vigo, 2000), *Portugal norteño* (Vigo, 2000), a serie *Vigo*, Pontevedra, Ourense e A Coruña, *sentimental* (Vigo, 2001-2003) e *Lourenzá* (2004). Escribiu, así mesmo, monografía sobre diversos autores da cultura galega, como *A xeración Galaxia* (Vigo, 1996), *O señor da Casa Grande de Cima de Vila* (Ourense, 1988), *Antolín Faraldo, o gran soñador* (Vigo, 1998), *Con Pondal en Bergantiños* (Sada, 2001) ou *O Padre Sarmiento e Galicia* (Vigo, 2002), e a novela *O cego de Pumardedón* (Vigo, 1992). Cun carácter autobiográfico, cómpre nomear *O río do tempo*. Unha historia vivida (Sada, 1990) e *Camiño andado: memorias* (Vigo, 2003).

A súa traxectoria foi recoñecida con numerosas distincións, como o nomeamento de doutor honoris causa da Universidade de Vigo, o Premio Trasalba, ou a Medalla Castelao.



# COLABORACIÓNS

## Setenta pesos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**T**raballar nos servizos sociais municipais leva consigo un contacto directo e continuado coa xente, producíndose unha inevitable proximidade, aínda mantendo as distancias e cinguíndose ao ámbito profesional. No caso de Galicia, e máis concretamente nas zonas rurais, son maioritariamente as persoas de idade as usuarias da orientación e asesoramento, así como dos diversos programas que se poden ofrecer desde os concellos.

A consecuencia delo —unha de

moitas-, é que existe a oportunidade de coñecer historias de vida, algunhas curiosas, outras sorprendentes, pero todas elas dignas de ser escoitadas e analizadas.

Aqueles homes e mulleres que naceron nos anos trinta tocoulles vivir de meniños unha cruenta e despiadada guerra civil, así como un período que chegaría despois e duraría un tempo considerable onde a escaseza era a tónica habitual. Non é casual as masivas emigracións do campo galego cara destinos lonxe de aquí na procura dun mellor futuro.

Esa precariedade económica das familias, caracterizadas estas por unha numerosa prole, a diferenza de hoxe en día, levaba a que xa de moi noviños houbese que

porse a traballar.

E exemplo disto témolo en Xosé, un friolés nado en 1936, xusto cando deu comezo a Guerra. Con trece anos xa foi a Castela ás segas, concretamente a fincas ubicadas na localidade de Brunete, en Madrid. Como aínda era un neno, a súa función consistía en atar o que os maiores segaban a man coa fouce, facendo os mollos que logo se apilaban en forma de palleiros. Non disimulaba a súa emoción cando o contaba. Xosé botaba cincuenta días baixo o sol abrasador daquelas terras coas súas cincuenta noites, lonxe dos seus. Con orgullo e satisfacción, afirmaba que con apenas dezaste anos, cando volveu da campaña en Castela, púxose a segar en Friol, deixan-

do abraizados a todos, porque ninguén era quen de seguirlle o ritmo. O pequeno convertérase nun home e xa non se limitaba a atar e facer os mollos, senón que segaba como calquera outro adulto ou incluso mellor.

As expedicións a Castela xa as mencionaba Rosalía De Castro nos seus famosos Cantes Galegos hai cento cincuenta anos. Imposible non recoñecer o poema “Castellanos de Castilla, tratade ben os galegos, cando van, van como rosas, cando ven, ven coma negros”. O propio Xosé, testemuña e protagonista, aseveraba que resultaba moi dura a experiencia, pero a cambio, el voltaba para a casa con setenta pesos, e no lote tamen viña unha boa capa de piollos. En cartos


supoñía 350 pesetas, entono a dous euros e dez céntimos, que pode semellar unha miseria, pero como Xosé afirmaba, a súa familia podía destinar trinta pesos a un ferrado de trigo, que se sementaría despois para ser colleitado e así ter pan durante todo o ano.

Estas vivencias non poden quedar no esquecemento. Aínda que parece que pertencen a tempos moi lonxanos, en realidade non o son tanto, porque entre nosoutros temos homes, de idade avanzada, si, que o poden contar en primeira persoa, formando parte da Historia con maiúsculas do noso País.

Setenta pesos en cincuenta días e unha capa de piollos. Non hai máis que engadir.

## Conversa co traballador social de Alucem

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

**A**lejandro Rodríguez Robledillo, nacido en Xixón, residente en Lugo dende 2005. Escritor e editor, a súa formación específica é a de traballador social experto en menores, pero actualmente exerce na asociación lucense de Esclerose Múltiple, Alucem, e desde fai pouco, ocupa o cargo de Representante en Galicia da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais.

**Segundo o índice DEC 2021 da asociación de Directores e Xerentes, na actualidade existe un maior investimento no eido social, aínda que non se reflicte no benestar das persoas. Ademais, hai unha tendencia á privatización dos servizos sociais, nos que prima a xestión económica. Neste contexto, cal debería ser na túa opinión, o papel dos traballadores sociais: meros xestores de recursos ou exercer a profesión buscando, sobre todo, o benestar dos usuarios.**

Creo que hai un Traballo Social moi administrativo, moi burocratizado e penso que debería ser así para garantir que cheguen os recursos, para xestionalos de ma-



neira axeitada. E ao seu carón, hai outro menos burocratizado, por exemplo o que se exerce no Terceiro Sector.

**Así é o teu traballo social en Alucem?**

Exacto. Trátase dunha entidade menos burocratizada. O nivel de mando é máis básico que nunha administración pública, hai unha directiva e nós somos os técnicos e, á hora de poñer en marcha proxectos, o mecanismo é moito máis áxil e, mesmo, moi reconfortante.

Pero de acordo cun informe do

Colexio Oficial de Galicia, os traballadores sociais das entidades sen ánimo de lucro, estamos moi contentos coa nosa actividade laboral, satisfeitos co noso exercicio profesional, e pola contra, moi descontentos coas nosas condicións salariais xa que á maioría nin sequera cobramos o SMI. Todo ten as súas vantaxes e desvantaxes.

**Consideras, coma min, que os traballadores dunha entidade debería ofrecer un plus? É dicir, non limitarte a cumprir o teu labor nun horario de oito a tres, se-**

**nón que quizáis teñas que asistir a unha actividade un sábado ou festivo.**

Si, e desfrutade coma se dunha familia se tratara, diferente á nosa, e que esta actividade formara parte do noso lecer. A percepción desa carga de traballo é moi diferente. Hai que equiparar ás condicións laborais destes profesionais ás dos que traballan na Administración.

No pasado, moitas das actividades destas entidades puideron facerse porque había voluntarios. Actualmente, non hai persoas voluntarias que lleven a cabo unha acción constante e que perdure no tempo.

Se a isto lle sumamos unha escasez en xeral de persoal, o funcionamento das mesmas non será moi doado.

**Moitas veces escoitei certa crítica a estas entidades de que suplián o labor das administracións públicas.**

Xa, mais este labor supón un gran rédito político ás administracións. Unha foto informando da financiación dun servizo nos medios de comunicación visibiliza moitísimo. O que está claro é que o primeiro que vai facer unha entidade social é dar resposta ás necesidades dos seus usuarios. E unha vez acabado ese obxectivo, o que é ético e moral é reivindicar a prestación pública do mesmo.

Mais está situación é moi “golosá” para os técnicos e directivos destas entidades, xa que se forma toda unha estrutura organizativa que, dependendo da súa magnitude, se ten que retroalimentar con subvencións, con recursos públicos.

Sen embargo, cada hai menos recursos e a xestión asistencial non se está adaptando á inmersión da pirámide poboacional. Co rápido envellecemento da poboación, atoparémonos unha crise demográfica moi grave.

Ante un aumento da demanda, das necesidades, corresponderíalle un incremento dos recursos. Non obstante, desde unha perspectiva de mercado, non interesa ese incremento xa que se reducirían os custos. Vémosto, por exemplo, na ratio de prazas residenciais para maiores en Galicia, que está moi por debaixo do que aconsella a OMS, de aí os seus prezos, toda unha tolemia.

**E coma se poden financiar estás prazas residenciais, se a pensión media en Galicia está entre setecentos e oitocentos, e o custo dunha praza é de mil oitocentos euros mensuais?**

Pois cos aforros da familia, co piso... unha situación que nun futuro non moi afastado será inviable, derivando nunha maior carga de traballo nas familias, sobre todo nas mulleres.

# Riviera

## CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Un lugar de Francia, unha serie televisiva producida por Sky e emitida en España por Movistar+, a zona de terra que está próxima e dá cara ao mar ou cara ao río? Calquera das acepcións anteriores fai referencia a ideas inundadas de beleza. A Riviera Francesa, a Costa Azul -Côte d'Azur en francés- é un auténtico paraíso terreal, unha fantasía de lugar. Xeograficamente falando é a denominación que recibe unha parte do litoral mediterráneo no sueste de Francia e a totalidade de Mónaco, formando parte da rexión denominada Provence-Alpes-Côte d'Azur. A orixe do termo débemoslla ao escritor Stéphane Liégeois, que o utilizou en 1887 para o título da súa obra "Côte d'Azur", inspirándose no termo Azur, que en heráldica significa 'azul'. Para Liégeois, a Costa Azul foi un nome poético para denominar á zona costeira que se estendía desde Marsella ata

Xénova, en Italia, e que se coñecía como Riviera de Niza ou Riviera de Xénova.

Se vos pedira que me citarades algunha das localidades que conforman esta rexión, estou segura de que se vos virían uns cantos nomes á cabeza: Saint-Tropez, Cannes, Niza... Lugares que inmediatamente asociamos coa idea de luxo, exclusividade, de glamour en definitiva. No século XX a Costa Azul converteuse nun destino preferente para a aristocracia e burguesía do norte de Europa pola suavidade do seu clima, especialmente no inverno. Non existe vila ou cidade que non sexa escenario de grandes anécdotas protagonizadas por celebridades de primeiro nivel, poñamos por exemplo a Menton. Esta fermosa e gloriosa vila costeira pode que sexa menos coñecida, pero foi aquí onde a Riviera Francesa naceu como tal; cando a Raíña Victoria, viúva, chegou para quedarse en 1882, abrindo así as comportas para a realza e a alta sociedade. Construíronse ferrocarrís, grandes vilas substituíron as granxas de pedra e, as carruaxes ornamentadas que transportaban a duques e



príncipes, pasaron lentamente polas estradas da alta costa sobre o mar resplandecente.

A Raíña Victoria estaba encantada co "soleado e florido sur" -como ela o chamaba-, regresando ata en oito ocasións e sempre lanzando flores, ritual que enlaza coa famosa "Batalla das Flores" dentro do Carnaval de Niza, probablemente o máis importante de Francia. Algúns e algunhas dan crédito ao amor da Raíña polo sur de Francia, aludindo ás melloras nas relacións entre dous inimigos históricos, Inglaterra e Francia, suavizando as tensións ata convertérense en

aliados durante a Primeira Guerra Mundial.

O aliado da Raíña, o primeiro ministro Winston Churchill, pasou varios períodos da súa vida na Riviera Francesa. Xunto á súa esposa, ambos desfrutaron especialmente da "Villa La Pausa" en Roquebrune-Cap-Martin. A Villa foi construída por Coco Chanel e o Duque de Westminster Emery Reves, amigo de Churchill. La Pausa era frecuentada por tantas elites que a miúdo coincidían e pasaban tempo xuntas. Estas incluían ao Príncipe de Mónaco e Grace Kelly, aos Duques de Wind-

sor, Coco Chanel, Clark Gable, Gretha Garbo, Wendy Russell, Somerset Maugham e un longo etcétera.

Volvendo a Menton, situada a escasos quilómetros da fronteira italiana e bautizada polo xeógrafo Elisée Reclus como "A perla de Francia", esta fermosísima vila posúe un importante patrimonio arquitectónico, encabezado pola Igrexa de San Miguel Arcanxo, a máis grande e bela de estilo barroco de toda a Costa Azul. A fachada consta de dúas pratas e dispón dunha gran harmonía na estrutura de columnas, pilastras, arquivoltas e frontóns. No interior destaca a decoración de estilo barroco en estado puro, cun fermoso retablo de André Manchello que representa a San Miguel. Ademais da súa rica arquitectura e o seu imponente casco histórico, Menton acolle tres museos dedicados a un dos seus máis ilustres visitantes, o artista polifacético Jean Cocteau (1889-1963): O "Jean Cocteau / Colección Séverin Wunderman", a "Salle des Mariages Jean Cocteau" e o "Museum Jean Cocteau The Bastion". A Riviera, paradigma indiscutible de glamour, luxo e beleza.

# Aprobados de despacho

## O PUPITRE



Julio Díaz

Cada alumno aprobado nun despacho sen merecelo supón un docente desautorizado, un Departamento menosprezado e un Claustro desprestixiado.

Por desgraza e cada vez con máis frecuencia, esta forma de desautorizar a un profesor, a un Departamento e a todo o Claustro de profesores desde un despacho non son casos que ocorran illadamente senón unha tendencia iniciada hai varios anos e que non deixou de potenciarse e estenderse grazas ao boca a boca de determinados proxenitores que alardean da "fazaña".

A marabunta normativa e máis aínda a falta de claridade e concreción da mesma respecto á avaliación do rendemento académico serven para que a Administración Educativa mellore nun despacho as notas asignadas polos docentes aos seus alumnos. Non importa o que o raparigo escriba no exame, agárranse ao

que sexa: falta de criterios claros e concisos, mala ponderación, escasa ou falta de publicidade do proceso, descoñecemento do alumnado ignorando a nosa Admón. que a ningún de nós nos agrada suspender aos nosos alumnos, xa que no fondo non deixa de ser un fracaso no noso traballo, pero de todos é coñecido que temos alumnos nas nosas aulas que non saben facer un O cun canoto e non está nada ben que os nosos superiores sen ter en conta as probas realizadas polo alumno, nin o seu traballo ao longo do curso, busque defectos burocráticos para xustificar unha corrección das súas cualificacións. Non debería ser unha cuestión de papeis, debe cingirse a se o alumno sabe ou non sabe.

Se un alumno presenta unha reclamación da súa nota o departamento desa materia debe reunirse e analizar o traballo realizado por el decidindo se a cualificación outorgada debe ou non modificarse, sendo o normal que a nota se manteña, xa que o 95% das protestas carecen de fundamento e a maioría delas son unha falta grave á dignidade

dun profesional; a algún proxenitor teríasele que caer a cara de vergoña por promover determinadas reclamacións.

Ocorre nos últimos tempos que moitos pais profesionalizáronse, coma se de empresas de reclamación de multas se tratase, en solicitar a revisión das cualificacións dos seus vástagos, escudriñando as normas ao límite legal, sen darse conta que a nota que a Administración regala ao seu fillo é un dardo envelenado que inculca unha mala lección con consecuencias negativas para o seu futuro académico, profesional e persoal. Este alumno despois de gañar a batalla dáse conta que hai maneiras de prosperar con atallos e trucos que non lle esixen esforzo nin tesón, mentres que os seus compañeiros para conseguir o mesmo tiran de traballo, constancia e tenacidade.

Debemos non só os docentes, senón toda a sociedade esixir á Administración Educativa respecto polo noso traballo e debemos trasladarlles que o profesorado entre tarefas administrativas, xestións e reunións vémonos obrigados, a maioría das veces,

## O RECUNCHO DE CANELINA



a dedicar máis tempo ao estudo de normas absurdas e arbitrarias que a preparar as nosas clases. Os docentes só pedimos iso, poder impartir clases sen interferencias nin presións no noso traballo.

Finalizar pedindo á Administración Educativa que se deben valorar as reclamacións dos no-

sos alumnos, máis que deles dos seus papás, con criterios académicos e non formais. Que antes de aceptar unha reclamación débese demostrar que se superaron os obxectivos da materia e non centrarse en se faltaba a publicidade dun "criterio", un selo ou un formulario estaba incompleto.

# PASATEMPOS

## SUDOKU

Fácil

		8	7	2	4			
		3		9	4			
4		6	5				8	
6	2		4	8				9
3	7	9		5			4	
							5	
	9			3		6	2	
7	3		2					4
2			4				7	

Difícil

				3				
		4				2	3	
2	5	3	6			7		
	2	7	5			6	4	9
5				8		3		
		6	4			8	7	
			3			7	6	
6	8			5	2	4		

Extremo

	9			1				
	8			4				
1		8		2				7
	3			7		6		
								4
		4	6			7	1	
	5	1				3	2	
				5				6
2						9		

## AS SETE DIFERENZAS



## SOLUCIONES

8	1	8	7	6	2	4	3	5
5	7	3	8	9	4	6	2	1
4	2	6	5	3	1	8	9	7
6	5	2	3	4	8	7	1	9
3	8	7	9	1	5	2	4	6
1	4	9	6	2	7	3	5	8
8	9	4	1	7	3	5	6	2
7	3	1	2	5	6	8	9	4
2	6	5	4	8	9	1	7	3


Fácil

9	7	1	8	2	3	4	6	5
6	8	4	1	5	7	9	2	3
2	5	3	8	4	9	6	7	1
8	2	7	5	3	1	6	4	9
5	4	9	7	8	6	1	3	2
1	3	6	4	9	2	5	8	7
4	9	2	3	1	8	7	5	6
7	1	5	2	6	4	3	9	8
3	6	8	9	7	5	2	1	4

Difícil

7	9	4	3	5	1	6	2	8
5	8	2	7	4	6	1	9	3
3	1	6	8	9	2	5	4	7
1	4	3	5	8	7	2	6	9
6	5	7	2	1	9	3	8	4
8	2	0	4	6	3	7	1	5
9	6	5	1	7	8	4	3	2
4	3	1	9	2	5	8	7	6
2	7	8	6	3	4	9	5	1

Extremo



# DEPORTES

## “O deporte axúdame a coñecer xente, e tamén a ser feliz”

### Noa López, xogadora do CB Sarria de baloncesto

Noa López, integrante do CB Sarria de baloncesto, foi seleccionada para participar na U14 Feminina, unha convocatoria de preselección española que se celebrará en Íscar (Valladolid) do 7 ao 13 de agosto.

Neste campionato as 24 xogadoras, logo de moitas horas de adestramento, separaranse en dous equipos (branco e vermello) que participarán nun triangular xunto á selección de Portugal.

Isto supón sen ningunha dúbida, un gran peche para esta exitosa tempada 21-22 que a nivel deportivo está a desfrutar o CB Sarria.

#### Dende sempre che gustou o baloncesto? Cando comezaches a practicar e cando decidiches unirse ao CB Sarria de baloncesto?

Bueno, cando era nena comecei practicando ximnasia rítmica no Club Xirandela e o fútbol era o meu principal deporte. Xogaba na SD Sarriá, na que era a única nena e no CD Friol, que buscaba nenas por toda a provincia e formaba equipos femininos para xogar torneos, a Copa Gallacia... O baloncesto, malia que me gustaba, simplemente practicábao no colexio como unha actividade extraescolar impartida por entena-

dores do CB Sarria. Empecei aos 7 anos, aos 8 entrei por sorpresa no combinado galego – Preselección Galega- (nunca antes xogara un partido oficial) e xa con 9 anos comecei a competir co CB Sarria.

#### Imaxino que son moitas as horas que lle adicas aos adestramentos... canto tempo cada semana?

A min encántanme os adestramentos. Pola semana adestro case 7 horas máis os partidos da fin de semana.

#### Como é a relación coas túas compañeiras de equipo? Imaxino que vos ten que unir un vínculo moi especial ao compartir tantas horas xuntas.

Sempre foi unha relación moi boa tanto no CB Sarria como noutros equipos cos que estiven vinculada ou contra os que competín (Estudiantes Lugo, BBKA e Ensino) ao igual que na Selección Galega.

#### Esta semana deuse a coñecer a noticia de que estás entre as seleccionadas para xogar a U14 Feminina, agardábalo? Como recibiches a noticia?

Por unha parte tiña a esperanza porque este ano competitivamente foi moi bo para min, pero por outro sabía que era moi complicado.



#### Que esperas desa competición? Afróntala con nervios?

Tómoo como un premio ao esforzo e ao traballo e unha oportunidade para aprender, mellorar e coñecer ás mellores xogadoras de España da miña idade. Nervios non, desexo facelo ben e poder seguir dentro do Programa de Tecnificación da Federación Española de Baloncesto.

#### Fálanos dalgún partido ou algunha competición que lembres con especial agarimo. Algunha vitoria ou algunha derrota que destaques especialmente?

O Campionato de España de Huelva foi algo moi especial porque a Categoría Mini, por culpa da pandemia foi suspendida e a xeración 08 tivemos que esperar dous anos para poder competir... chegamos moi ilusionadas e con moitos desexos. O partido contra Madrid foi o partido máis emocionante que xoguei na miña vida... ía moi igualado e nos últimos segundos gañamos cunha

tripla que marquei eu. Esta tempada para min foi espectacular. A parte de representar a Galicia no Campionato de España, con BBKA quedei Campioa Galega Infantil, Ensino invitoume a xogar a Minicopa da Raíña en Valencia e co CB Sarria conseguín o ascenso á Liga Galega e quedamos Subcampioas do Eixo Atlántico.

#### Que planes tes nun futuro? Gustaríache practicar baloncesto de maneira profesional?

Os meus plans a curto prazo son ser feliz, xogar ao baloncesto e loitar polos meus soños... encantárame ser xogadora profesional malia que sei que é moi complicado.

#### Que consello darías a aqueles nenos que non saben si practicar ou non algún deporte?

Diríalles que non o pensen, que practiquen deporte, que busquen o que máis lles guste e a darlle duro. A min o deporte axúdame a coñecer xente, vivir experiencias e ser feliz.

### A SD Sarriana abre o prazo de inscrición para a tempada 22/23

Ante o comezo da vindeira tempada 22/23, dende a SD Sarriana, o equipo da preferente galega, ábrese o prazo de inscrición para todos aqueles nenos e nenas que queiran formar parte do Club.

A data límite para inscribirse no mesmo rematará o mércores 24 de agosto.

En caso de ter calquer dúbida, pódese consultar o perfil do club en redes sociais coma instagram ou facebook, así coma poñerse en contacto directo co concello de Sarria.

### Adrián López, seleccionador galego de minibasket feminino

O CB Sarria de Baloncesto segue de noraboa, e é que o seu adestrador Adrián López Armesto vén de ser designado seleccionador galego da categoría minibasket feminino.

Adrián López Armesto é toda unha institución no baloncesto local, á par que home multifunción no seu club, ao que leva vencellado dende os 12 anos. Foi alí onde arrincou a súa traxectoria como xogador de baloncesto, deporte que agora xa non practica oficialmente pero si ensina as mellores tácticas a nenos e nenas.

## TELÉFONOS DE INTERESE

#### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

#### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

#### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

#### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

#### O INICIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

#### TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



#### TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021



**MUEBLES**  
**LA FÁBRICA SARRIA**

**LIQUIDACIÓN**  
**TOTAL**

**TODO**

**20% - 30% - 40% - 50% - 60% - 70%**

**Por traslado de instalaciones a**  
**Matías López 49. Sarria**

